

foz

O rexedor, Fran Cajoto, fala sobre a lexislatura e os proxectos de futuro. **Pax. 5**

viveiro

María Loureiro, alcaldesa, explica os seus retos nestes catro anos de goberno. **Pax. 9**

cervo

Aprobado inicialmente o proxecto de mellora da estrada das Quintás. **Pax. 13**

alfoz

O municipio xa conta con contedores para o aceite usado e contribuír á reciclaxe. **Pax. 24**

barreiros

O Concello investirá na cuberta do pavillón municipal situado en San Cosme. **Pax. 28**

Comeza o mes da muller

Todos os concellos da comarca e moitas asociacións únense polo Día Internacional con actividades durante todo marzo



Formoso esixe a construción da autovía

O secretario xeral socialista reclama a autovía da Mariña e o VAC Costa Norte. **Pax. 3**

Xove cede unha parcela a Aspanane

O Concello aprobou a cesión gratuíta dun terreo á asociación con sede en Viveiro. **Pax. 19**

Turismo Slow




8 xornadas que promoven o turismo sostenible e respectuoso coa natureza. **Pax. 2**

Festa da Troita



O CIT da Pontenova xa comezou cos preparativos para a súa 43 edición. **Pax. 18**

Vilou Spring Fest



Lourenzá acolle unha nova edición do seu festival de primavera. **Pax. 27**

A Deputación esixe melloras na Sanidade

O Pleno aprobou a moción pola que piden á Xunta que atenda as reclamacións da veciñanza. **Pax. 29**

TIRAMOS A CASA POLA VENTÁ

REBAIXAS 50%

Aforra
198€!

Fibra 1.000 Mb
Móbil 50 GB

22€ /mes

DURANTE 9 MESES

Ninguén che dá máis por menos!



adamo

A mega fibra

Chama gratis ao
900 651 679

Visítanos en
adamo.es

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contratasen Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre o 19/01/2023 e o 30/04/2023, ambos os dous inclusive. Non combinable con outras promocións. Internet FAST! + Móbil ilimitado 50 GB coa promoción, durante os primeiros 9 meses, só pagarás 22 €/mes, logo PVP total 44 €/mes. Prezo final con IVE e cota de vida incluídos. Promoción suxeita á permanencia dos servizos de Adamo durante 12 meses. Cota de activación de 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes de transcorrer 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia. Límites adicionais limitados a un máximo de 4 por cliente.

A MARIÑA

Propostos un total de 19 areas para optar á bandeira azul

Galicia propuxo un total de 117 areas para optar á bandeira azul 2023, o que supón 2 novas candidaturas con respecto ás presentadas na edición do pasado ano 2022, tal e como salientou a directora xeral de Patrimonio Natural, Belén do Campo, logo de participar na reunión do xurado nacional que concede estes distintivos. Do Campo incidiu en que a Comunidade galega, coas 117 propostas —38 da Coruña, 19 de Lugo e 60 de Pontevedra—, é a terceira autonomía que máis opcións

presentou, por detrás da Comunidade Valenciana e Andalucía. Os valores e o estado actual dos areas candidatos de Galicia foron avaliados xunto cos de Madrid, País Vasco, Cantabria, Asturias e Estremadura. O fallo do xurado, que valorará que os areas sexan lugares seguros e accesibles para todas as persoas, darase a coñecer a mediados do mes de maio, tal e como lles trasladou o presidente da Asociación de educación ambiental e do consumidor (Adeac), José Palacios.

O GDR Terras de Miranda organizou un Fam Trip



O GDR Terras de Miranda en colaboración coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, organizou en febreiro un Fam Trip xunto ao Grupo Avoris, o maior grupo turístico español e un máis grandes de Europa e a empresa Elige Tu Viaje. Buscando co mesmo, a promoción turística da Mariña, a desestacionalización do sector turístico, a difusión e posta en

valor da marca Galicia Calidade e o coñecemento do potencial turístico do territorio. Contouse coa presenza de 28 directivos de axencias de viaxes de Baleares e Canarias, que teñen as principais saídas en temporada baixa, de novembro a abril. Os cales marcharon encantados e agora programarán paquetes turísticos para grupos.

Volven as experiencias do Turismo Slow á Mariña lucense

Do 11 de marzo ao 23 de abril desenvolveranse na Mariña Lucense oito xornadas de turismo slow, que terán lugar en Oourol, A Pontenova, Cervo, Foz, Xove, Ribadeo e Viveiro. O Turismo Slow Norte é un proxecto colaborativo posto en marcha no ano 2015 polas Mancomunidades de Concellos da Mariña, coa intención de promover un turismo sostible, é dicir, respectuoso coa natureza, coa xente que vive no territorio, coas empresas e traballadores do sector turístico. Así, con esta filosofía, que hoxe en día xa é tendencia, foise desenvolvendo un proxecto escaparate da oferta de ambos xeodestinos para dar resposta ao perfil do turista que escapa das masificacións e que está cada vez máis concienciado cunha forma de viaxar máis pausada, buscando o descanso, gozando do medio natural e coñecendo e valorando a cultura e a vida local.

As experiencias arrincarán o 11 de marzo en Viveiro e na Pontenova. Na cidade do Landro desenvolveuse un obradoiro de pan no que Panadería Galdo compartirá a experiencia de facer pan de forma totalmente artesanal nun forno de leña do ano 1961 e no que a xente poderá levar para a casa o pan feito coas súas propias mans. E na Pontenova haberá unha ruta guiada polo seu patrimonio industrial e cultural, ofrecendo o coñecemento sobre a función dos fornos que son a imaxe máis recoñecible da vila, unha visita á Mina Consuelo e o descenso na tirolesa da man de Tirolesa das Minas, coa posibilidade de ampliar



a experiencia cunha estancia en Casona de Labrada.

O 18 de marzo terá lugar un brunch con degustación de marmeladas en A Morena, un obradoiro situado en Sargadelos, que elabora marmeladas artesanais elaboradas con ingredientes ecolóxicos e de primeira calidade. E ese mesmo día Os Tres Teixos en San Acisclo de Foz ofrece unha estancia especial para recibir e celebrar o Equinoccio de primavera cun programa de actividades compartidas coma mindfulness, yoga, danza ou paseos conscientes.

O 25 de marzo están programadas dúas actividades moi diferentes. Por un lado o carpinteiro francés Sébastien Léprevost ofrecerá un obradoiro para coñecer todo o ciclo da madeira e fabricar unha pequena peza no seu taller de Oourol e, por outro RoqSPORT ofrece vivir unha experiencia diferente en familia e en plena natureza no seu Parque de Aventura de Viveiro, onde se

poderán realizar os distintos circuitos de diferentes dificultades entre árbores.

Xa en abril, despois da Semana Santa, o día 15 en Ribadeo Raíces Nómadas Atelier ofrece un obradoiro para aprender as técnicas básicas da marroquinería fina; coser a man, acabado de bordes e todo o preciso para que cada asistente elabore o seu propio bolso e o leve acabado. Coa posibilidade de ampliar a experiencia cunha estancia na Cortiña de Cantalarrana.

E o 22 e 23 de abril no Lugar das Mariñas en Xove, Iria Pigueras ofrecerá un taller de iniciación á cerámica para coñecer diferentes técnicas, materiais, texturas e pigmentos así como crear varias pezas deseñadas por cada asistente seguindo un proceso creativo dinámico e colaborativo, nun entorno excepcional como é a aldea e o xardín deste aloxamento. A experiencia inclúe merenda, pernoita, cea e almorzo.



MUEBLES CON
**Cuidados
Detalles**

almayo
muebles

RIBADEO
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6
Tel.: 636 761 883

BARREIROS
Pol. Ind. Cruz do Lobo, Nave 10
Tels.: 982 585 709 / 652 110 377

BURELA
C/ Curros Enríquez, 12
Tel.: 660 402 954



Formoso reclama a construción da autovía da Mariña



O secretario xeral do PSdeG, Valeriano González Formoso, esixiu tanto ao executivo central coa autovía da Mariña, como ao autonómico co VAC Costa Norte que “pasen das palabras aos feitos”, acusando ademais á Xunta de facer un “escapismo absoluto” con esta comarca no relativo a todos os problemas xurdidos nos últimos anos.

O líder dos socialistas reiterou que “os veciños e veciñas xa están fartos de quilómetros de papeis en forma de planos e nin un só centímetro executado”, polo que entende que é urxente que ambos gobernos se poñan a traballar xa na final construción destas infraestruturas.

Formoso entende que o goberno galego “enganou” aos e ás mariñenses coa fábrica de Altri que prometeu que se asentaría na comarca para logro trasladala a un concello gobernado polo PP, que cree que será “un dos actos que máis castigará ao PP nesta terra”.

Unha “actitude irresponsable” do Goberno do PP que tamén se produce en Alcoa, ao seu entender, ao alentar aos traballadores a ir “a unha guerra contra a empresa” que “poría en perigo os seus postos de traballo”. Formoso asegurou que na Xunta “parecen alegrarse cando está en risco o sustento de tantas familias”.

Volve o programa Velando pola miña saúde integral



A Asociación Saúde Mental recibiu unha subvención para desenvolver o programa Velando pola miña saúde integral IV durante o ano 2023. Isto permite á entidade dar continuidade a un programa que brinda un apoio que resulta fundamental para as mulleres beneficiarias e que contribúe na mellora da súa calidade de vida. O obxectivo polo que se está a traballar a través do programa é prestar apoio ás usuarias da Unidade Residencial e da Vivenda Tutelada

para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero con Enfermidade Mental na atención integral da súa saúde. Trátase de facilitar a comprensión e asistencia e/ou seguimento das citas médicas e o cumprimento das indicacións dadas, así como de manter a estabilidade clínica favorecendo o seguimento das pautas farmacolóxicas e indicacións médicas, co fin de cumprir coas mesmas e contar co tratamento médico individualizado adaptado ás súas necesidades.

A RAG estreou a Primavera das Letras para chegar a figura de Fernández del Riego aos nenos

As últimas investigacións centradas na figura de don Paco terán como punto de encontro o simposio que a RAG organizará no outono. Pero o groso da actividade académica dedicada á divulgación entre o público xeral do legado de Del Riego centrarase no primeiro semestre do ano. Así, a RAG presentou a nova edición do seu proxecto para o público infantil, que ofrecerá a través da páxina web primaveradasletras.gal unha biografía teatralizada.

A páxina web ofrecerá ademais actividades interactivas para conectar os nenos de forma lúdica co universo de Del Riego e servirá de escaparate dos traballos escolares presentados ao concurso Contádenos o voso Día das Letras, explica

a académica, responsable desta plataforma dirixida ás etapas de infantil e primaria. A lingua será igualmente a cerna dos contidos especiais das Letras Galegas 2023 que ofrecerá o Portal das Palabras.

DE LOURENZÁ A VIGO. Lourenzán será tamén o escenario do pleno extraordinario do Día das Letras Galegas mentres que Vigo, onde Del Riego se refuxiou na posguerra e onde viviu ata o seu pasamento, acollerá, entre outras iniciativas, un acto literario que a RAG organizará da man do Concello de Vigo e da Fundación Penzol. A institución que dDel Riego dirixiu dende a súa fundación, e no que acubillou durante catro décadas, celebra tamén este ano o seu 60 aniversario.

O BNG defende unha Mariña conectada con infraestruturas actuais

Concelleiros do BNG da Mariña celebraron un encontro coa portavoz nacional Ana Pontón para tratar a situación que está a vivir a comarca a nivel de infraestruturas. “A desconexión da Mariña co resto de Galicia e do Estado arranca xa desde finais do século XX, cando decisións políticas erradas e malintencionadas fixeron que a Autovía do Cantábrico (A-8) fora desviada desde Barreiros a Vilalba deixando as partes central e occidental da Mariña totalmente desconectadas, curiosamente as zonas con máis intensa actividade industrial e pesqueira”, dixerón. Desde o BNG comarcal, o seu responsable Antonio Veiga e o deputado Daniel Castro insistiron na “necesidade dunha resposta firme de toda a sociedade mariñá e tamén de todas as forzas políticas, especialmente as de obediencia estatal, pois son estas as responsables do atraso da comarca en autovías.

Reyes Maroto reitera o compromiso do Goberno con Alcoa

A ministra de Industria, Comercio e Turismo, Reyes Maroto, reiterou o compromiso do Goberno co mantemento das capacidades industriais e o emprego na planta de aluminio.

“Desde o inicio desta crise en Alcoa, o Ministerio de Industria traballou activamente para impulsar unha solución, intermediando coa Xunta, coa empresa, cos traballadores e con outros ministerios implicados na tramitación de permisos para novos parques eólicos que fornecerán enerxía a Alcoa. Os acordos alcanzados no seo desta mesa son un exemplo de que o diálogo social é imprescindible para garantir a viabilidade da fábrica e imos seguir celebrando reunións periódicas desta mesa para facer un seguimento dos compromisos alcanzados”.

A Mariña conta cunha guía de promoción sobre o surf

A publicación elaborada polo mariñano Ignacio Fernández, *Surferos. Historias, curiosidades e información útil para tu día a día en el surf*, que promociona A Mariña como destino para a práctica deste deporte, está apoiada pola Deputación de Lugo. Trátase dunha guía interactiva, pensada para lectores que manexan as novas tecnoloxías, porque nas diferentes páxinas inclúe códigos QR que, lidos co móbil, amplían a información. O seu autor é un surfeiro

mariñano que foi pioneiro na práctica deste deporte na costa lucense e un dos impulsores da Mariña como destino para a práctica do surf. *Surferos. Historias, curiosidades e información útil para tu día a día en el surf* está editado por Minúscule Ediciones e conta con máis de 40 fotografías e ilustracións a toda páxina. Esta primeira tirada poderase conseguir en librerías, escolas de surf e tendas relacionadas con este deporte.



O día 11 será a comida anual dos maiores

A Delegación de Servizos Sociais organiza a comida anual dos maiores para o día 11 de marzo, sábado, ás 14.00 horas na Sala Bahía. A concelleira Ana Rojo anuncia que “poderán desfrutar dunha comida totalmente gratuíta á vez que especial, onde os verdadeiros e únicos protagonistas son eles.”. A edil de Servizos Sociais destaca que “o Concello sabe da importancia que teñen os nosos maiores na nosa vila e nas nosas vidas, recoñecéndolles sempre a valía, esforzo, entrega e dedicación para coas súas familias”. Os asistentes degustarán un menú que consistirá en empanada de atún, sopa de marisco, costela asada ó forno con patacas; de sobremesa brazo de xitano, tarta xeada, café,



chupitos, ademais de refrescos, auga e viños branco e tinto. “O Concello de Foz anima a participar desta xuntanza ás persoas empadroadas en Foz xubiladas maiores de 60 anos ou que teñan cumpridos os 65 anos.

Acia Foz sorteará 1.500 euros en vales de compra no Día do Pai

Acia Foz CCA sorteará 1.500 euros en vales de compra na súa campaña do Día do Pai. O presidente da asociación, José Carlos Paleo, contou que “todas as persoas que fagan as súas compras nos locais asociados a Acia Foz CCA entre o 4 e o 19 de marzo recibirán papeletas para entrar no sorteo de 1.500 euros en vales de compra”.

Paleo explicou que “o 23 de

marzo ás 11 da mañá en Radio-Foz faremos o sorteo. En xogo poñeremos 1 premio de 500 euros en vales de compra e 5 premios de 200 euros cada un tamén en vales de compra”. O presidente dixo que “nestas datas para regalar aos pais, aos Pepes ou ás Pepitas atoparemos todo o que precisamos nos negocios locais que temos a carón das nosas casas”.

Aprobado definitivamente o proxecto das rotondas en Cangas

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, puxo en valor a aprobación definitiva das rotondas que se construírán en Cangas e reclama as vías de alta capacidade para a comarca.

O rexedor focego explica que “o MIT-MA vén de anunciar a aprobación definitiva do proxecto de trazado das dúas novas glorietas da N-642 en Cangas, cunha inversión superior aos 565.000 euros. Con esta aprobación definitiva o Ministerio xa pode proceder á expropiación dos terreos necesarios para a execución das rotondas, expropiación que agardamos que se leve a cabo o antes posible. Agradecemos á Secretaria de Estado o compromiso con Foz pois con este avance está a cumprir o primeiro dos anuncios que fixo na visita do pasado 13 de xaneiro. Rotondas de Cangas, Terceiro Acceso e mellora da intersección da Corredoira, un conxunto de actuacións que superan os 3,5 millóns de euros e que agardamos que canto antes pasen dos papeis á realidade”.



Ademais no Concello de Foz seguen pendentes do arranxo definitivo da N-642 na Areoura e o alcalde indica que “coa habilitación de dous carrís e a supresión da regulación semaforizada o pasado venres aliviámos os atascos que se estaban a producir, pero está pendente o arranxo definitivo. Non nos podemos demorar, a N-642 é a nosa columna vertebral”.

Fran Cajoto engade que “a Nacional

N-642 segue a ser a única vía que conecta a Mariña, ante o retraso na execución da autovía A-74 e da súa continuación, a VAC Costa Norte, responsabilidade da Xunta. A necesidade de infraestruturas fíxose máis patente ca nunca na nosa comarca despois do socavón da Nacional. Os concellos sabémolo ben, é hora de que as administracións autonómica e central estean á altura coa Mariña”.

Adxudicado o sendeiro peonil de Peizás á Pampillosa



A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, destacou o compromiso do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para poñer en valor os recursos naturais do Concello de Foz, dentro da súa aposta pola dinamización económica e turística da Mariña. Rodríguez avanzou que o Goberno reforza o seu apoio co impulso ao proxecto de obtención de espazos para uso público e execución do sendeiro peonil entre as praias de Peizás e a Pampillosa, en Foz, cun investimento total de 886.500 euros. A subdelegada informou de que o Servizo Provincial de Costas vén de formalizar o contrato, adxudicado á peme ELAYCO. SL, que ten por obxecto favorecer o disfrute de novas franxas da costa mariñán.

As actuacións consistirán na creación dun sendeiro peonil entre as dúas praias nuns terreos que xa foran expropiados con este fin. Cunha lonxitude de 1.600 metros, o novo camiño permitirá o peche definitivo do paseo xa existente pola costa, entre a praia dos Fondás, na ría de Foz, e o interior da ría do Ouro.

Este proxecto súmase a outras ambiciosas iniciativas nas que está a traballar o mesmo departamento no Concello de Foz, así pois a subdelegada informou que se vai adxudicar o proxecto para realizar diversas melloras na praia de Llás. Ademais, lembrou a recuperación do sistema dunar da praia da Pampillosa cun orzamento de máis de 80.000 euros.

Cangas de Foz celebrará o primeiro Riosmar Fest



A comunidade de montes veciñais en man común Real, Rañadoiro e Agudo de Cangas de Foz son os organizadores do Riosmar Fest, que se celebrará no campo de fútbol de Cangas. Maite López Rego é a nova presidenta da comunidade de montes.

Este evento será o vindeiro venres 10 de marzo e contará coa presentación oficial para a Mariña do novo espectáculo de París de Noia, seguido do Macro Disco Level cos Djs Litainer e Marcos Peón. O recinto contará con servizo de barra e hamburguesería.

As entradas xa poden adquirirse a través da web a 10 euros e tamén estarán dispoñibles o propio día do festival a 12 euros. Ademais, a organización porá a venda anticipada en locais de Cangas e noutros puntos da comarca.

“É fundamental escoitar, aínda que tamén nos equivocamos!”

O socialista Fran Cajoto, actual rexedor, repetirá como alcaldable

Pode facernos un balance destes anos de goberno?

Foron catro anos moi intensos. Moitas horas de traballo, suplindo a falta de experiencia con esforzo pero tamén cunha enorme ilusión. A pandemia condicionou máis da metade da lexislatura pero, afortunadamente, conseguimos sacar moitos proxectos adiante. Ten en conta que urbanizamos completamente a rúa Costa do Castro, unha demanda histórica de Foz. Conseguimos levar a fibra óptica a todas as aldeas do concello, melloramos camiños e infraestruturas, colaboramos coas ANPAS para a posta en marcha do servizo de Madrugadores, atendemos co Banco de Alimentos e coas axudas de emerxencia ao sector máis vulnerable do concello, atendemos á cultura cunha programación que non se detivo a pesar de máscaras e restricións,... Pronto veremos a continuación do paseo marítimo entre Peizás e a Pampillosa —co contrato xa asinado, en poucas semanas comezarán as obras- e temos ben encamiñadas as rotondas de Cangas ou o Terceiro acceso, cun compromiso de inversión do Ministerio de Transportes de máis de 3,5 millóns de euros. O Bar dos Xubilados próximo a abrirse...o balance considéroo moi positivo.

De que proxecto se sente máis orgulloso?

Quizais da propia urbanización da rúa Costa do Castro, polas décadas que levaba Foz agardando por esta actuación e que supón a primeira fase do Terceiro Acceso á variante. Unha obra ben deseñada e executada, baseada no Plan de Mobilidade e que transformou un camiño urbano nunha rúa segura para os peóns, que achega Marzán ao centro urbano. Pero tamén a conexión con fibra óptica nas parroquias: cando eu era neno non había teléfono na casa, había que ir chamar ao bar. Agora temos fibra óptica de alta velocidade, o cambio é abismal.

Que quedaría por facer de cara a este ano?

Temos un gran proxecto en execución: a humanización do eixo entre Glorieta de Vilalba e Campo da Cabana, que inclúe a Praza de Galicia. Esta gran obra, na que se renovan todos os servizos, vainos a permitir conectar cun camiño peonil seguro e adaptado a persoas con mobilidade reducida a praia da Rapadoira co casco urbano. Tamén se abrirá este ano o Bar dos Xubilados, continuaremos coa mellora de vías nas parroquias, executarase o paseo entre Peizás e a Pampillosa así como a estabilización do sistema dunar de Llas, avanzaremos na administración dixital coa presentación da nova web. Agardamos ver iniciados os traballos de construción da nova depuradora de Foz —moi necesaria- e incluso das rotondas de Cangas. E moitos máis proxectos que están pendentes, como a mellora de comunicación de telefonía móbil cunha nova antena na zona de Brea en Nois, que necesitamos para eliminar moitos puntos negros de cobertura.

Fálenos un pouco do Novo Plan de Mobilidade e os obxectivos que persegue?

O Plan de Mobilidade resultou un adianto moi significativo: agora temos un documento que analiza as debilidades do Concello e as dificultades en canto aos desprazamentos dos nosos veciños e sérvenos de guía para as actuacións que temos que planificar. Non queriamos erros como na anterior lexislatura, cando se dispuxeron as dúas rúas principais do casco urbano no mesmo sentido de circulación e se provocaron fortes retencións de tráfico. Estamos actuando conforme a el en cada deseño que proxectamos, como na rúa Costa do Castro ou na rúa Irmandiños.

O Concello sempre aposta pola veciñanza, como as melloras no local da asociación Virxe do Car-

me, a nova área canina en Pico do Castro, parques, zonas de ocio, etc. Como se consegue todo isto?

Escoitando moito, vendo as necesidades do pobo, buscando colaboración doutras administracións e priorizando as inversións máis necesarias. Antes de deseñar a reforma do Bar dos Xubilados buscamos un espazo digno para a Asociación Virxe do Carme, que está a facer un traballo de integración impagable. Froito das experiencias doutros concellos e de conversas coa Asociación Amigos dos Cans xurdiu o proxecto da Área Canina, que ten un custo reducido xa que será executada pola Escola Obradoiro. É fundamental escoitar, aínda que tamén nos equivocamos!

“Demandamos un novo edificio que atenda as necesidades reais de máis de 10.000 habitantes”

Hai tamén unha clara aposta pola cultura? Sempre están a traer obras de teatro, espectáculos, eventos deportivos, etc. e de feito o Entroido foi todo un éxito.

O Entroido de Foz ten unha dimensión e unhas características que están por riba de calquera administración: é increíble como tece relacións, como se vive, é moi difícil de describir. Nesta lexislatura contribuímos con novos eventos como a elección da raíña/rei do carnaval ou as gradas que se instalan no peirao para o desfile, no que xa se coñece como Fozódromo...este ano foi un Entroido de récord, agardamos que a Xunta cumpra declarándoo de interese turístico galego. A aposta pola cultura é clara, desde accións tan sinxelas pero fundamentais como ampliar o horario da



biblioteca municipal, novos eventos como a celebración do Primeiro Certame de Teatro Aficionado José Luis López Lorenzo, a Feira do Libro, a recuperación do Festival Vrao cun formato máis ambicioso... En deporte temos remo, carreiras, baloncesto, fútbol e infinidade de actividades baseándonos nun tecido asociativo moi activo que o fai posible.

Que outras necesidades ten o concello a día de hoxe?

Moitas. Unha necesidade moi evidente é un auditorio. Somos, con máis de 10.118 habitantes, o segundo concello da Mariña: municipios da comarca de máis de 3.500 habitantes teñen esta infraestrutura e nós non, non é lóxico e condiciona a nosa actividade cultural. Outras necesidades? unha nova depuradora de auga potable, a tan agardada autovía, un reforzo do cadro de persoal municipal para mellorar os servizos,... Temos que avanzar a un concello cada vez máis profesionalizado, buscando a mellor atención.

Como se atopa a residencia?

Temos unha residencia de só 40 prazas para 150 persoas en lista de agarda que abandonou a Xunta e respecto á cal nos vai a traspasar a propiedade. Estamos preparando a licitación da nova concesión que sacaremos en poucos meses, pero traballamos para resolver o gran problema, a falta de prazas. Demandamos un novo edificio que atenda as necesidades reais

de máis de 10.118 habitantes.

De saír elixido de novo, cales son as principais proxeccións?

Facer un concello no que as veciñas e veciños cada vez se sintan máis orgullosos de vivir e que atraia a novos habitantes. A tendencia é máis que positiva pero hai que axudarlle, evolucionar e pensar como o gran concello no que nos estamos transformando. Mellorar servizos, facer un pobo máis atractivo, tamén no eido cultural e deportivo. Temos as condicións, incluso climáticas, para elo. Temos que crer nas nosas posibilidades e traballar para que se fagan realidade.

E a nivel industrial, cales son os plans?

Vimos dunha moi mala nova: o incumprimento por parte da Xunta de implantar Altri, a gran planta de fibra téxtil que emprega eucalipto, na Mariña. Agardamos que Alcoa continúe a funcionar e que a administración autonómica invista nun verdadeiro plan industrial para a nosa comarca. A nivel municipal queremos seguir desenrolando un parque empresarial que se vai completando con novas iniciativas, como a recente instalación dunha nova sede de Cash Record ou as novas instalacións de maquinaria forestal que se están comezando a construír. A Mariña ten un amplo marxe de crecemento no eido industrial, só hai que axudarlle con infraestruturas e con apostas reais, lonxe de falsas promesas.



A IV edición das xornadas de pesca con reclamos da Ribeira de Foz será o 22 de abril

A IV edición das xornadas de pesca con reclamos que organiza a asociación A Ribeira de Foz será o 22 de abril e contarán con charlas sobre técnicas, materiais e probas prácticas.

Este evento, que está aberto a todo o público e é gratuíto, arrincará o programa ás 11.30 horas con charlas de Light Spinning e equipos lixeiros. Ás 12.15 será a quenda de Dentex Cantábrico e San Martiño. Pescalos a Jigging Lixeiro e Softlures.

Ás 13.00 chegará a charla sobre O Calamar. Tip Run. E acto seguido será o xantar de confraternización ao que haberá que anotarse antes do 12 de abril. Xa pola tarde haberá unha exhibición de pesca e as probas por equipos. A orga-



nización lembra que ao remate da demostración haberá sorteos de material.

Para máis información haberá que chamar ao 639 282 158 ou 626 309 804.

O Campionato Internacional de Baristas do IES de Foz foi un éxito



O Campionato Internacional de Baristas, que organiza o IES de Foz e que se celebra nas instalacións deste instituto, foi todo un éxito. Contou coa participación de centros de Galicia, Asturias, País Vasco, Castela e León, e Madrid.

O alumno do IES Sanxillao de Lugo Pablo López Trashorras quedou en primeira posición; a segunda clasificada foi a alumna do CIFP Paseo das Pontes Isabel Touriñá Canosa;

e, o terceiro, o alumno do CIFP Carlos Oroza, de Pontevedra, Jorge Domínguez Lorenzo.

Esta cita congrega cada ano a estudantes e a profesionais dispostos a conseguir os trofeos que os recoñecerán coma os mellores baristas ou catadores de café, un recoñecemento que é toda unha carta de presentación nun sector chave no desenvolvemento do potencial turístico da provincia.

Inauguran a Costa do Castro e seguen as melloras noutras rúas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde de Foz, Francisco Cajoto Caserío, inauguraron as obras de urbanización da rúa Costa do Castro. Unha actuación moi esperada polo Concello mariñán e na que ambas institucións investiron para facer a realidade un total de preto de 600.000 euros; dos cales a Deputación aportou o 80%, isto é, 466.880 euros, e o Concello, o 20% restante, que ascende a 116.720 euros.

“Esta actuación supón unha mellora de primeira orde en canto á mobilidade na trama urbana de Foz”, subliñou o presidente, quen destacou que “se verá complementada coa construción do terceiro acceso á vila, ao conectar a N-642 co barrio de Marzán, un proxecto no que o Concello está a traballar co Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana”. Os traballos da rúa Costa do Castro consistiron na renovación do firme da rúa, o soterrado do tendido eléctrico e a dotación de beirarrúas e alumeados.

Francisco Cajoto asegurou que esta é “unha obra moi importante para Foz, unha vella aspiración deste Concello, que levaba décadas esperando por un proxecto coma este”. O alcalde sinalou tamén que ter rematada esta actuación “supón un paso decisivo de cara a mellora da mobilidade e de cara a vila que queremos e pola que estamos a traballar dende o Concello”.

CONEXIÓN DO CENTRO. As autoridades supervisaron as obras que mellorarán a conexión entre o centro urbano e a praia da Rapadoira e a zona da hostalaría, para as



que a institución provincial achega outro medio millón de euros. O Concello completa o investimento con 224.000 euros para chegar a un orzamento conxunto de preto de 800.000 euros. Outra actuación “determinante” para a mobilidade e a accesibilidade.

As obras permitirán establecer un itinerario peonil cómodo e seguro entre o casco urbano e a Rapadoira, adaptado ás persoas con mobilidade reducida.

OUTRAS RÚAS. O Concello continúa coa mellora de distintas rúas do casco urbano con cargo a fondos do Plan Único 2022. Así, renovouse o firme cunha nova capa de rodadura de aglomerado en quente do Camiño Real a Llas, o vial que conecta o cámping de Llas coa zona das Torres. Ademais da renovación de firme, contemplouse o remate da beirarrúa na zona máis próxima ás Torres e a creación dunha senda peonil con separadores de calzada. Outra vía na que se dispuxo unha nova capa de rodadura é a rúa

Pena Parada, en Marzán.

O rexedor municipal engadiu que “outra actuación foi o fresado e aglomerado do carril dereito de entrada a Foz da avenida de Viveiro, entre o pavillón de Marzán e a rúa Pena Parada, que presentaba un grave deterioro. Tamén se renovou o firme no cruce entre Mariñeiro Chila e Concello de Sarria”.

Dentro do plan de mellora de viarios urbanos, acometeu o aglomerado do Camiño de Cainzal e do Camiño do Redondo, ambos no barrio de Vilaxoane.

Ademais o rexedor anunciou que “hai distintos camiños de parroquias que van ser arranxados tamén con cargo ao Plan Único 2022. Nalgunhas zonas como nos barrios do Raxal e Ribela, en Cangas, ou na Barrosa, en Nois, xa hai traballo avanzado, que se reiniciará proximamente. Tamén empezaremos unha campaña de bacheos con medios propios. Hai fochancas en varias vías do casco urbano e das parroquias sobre os que é preciso actuar canto antes”.

O PP insta ao Concello a solicitar subvencións para un marcador electrónico do pavillón

O PP insta ao Goberno de Foz a solicitar subvencións da Xunta para adquirir o novo marcador electrónico do pavillón. O portavoz popular, Javier Castiñeira, lembra que na pasada lexislatura, o Concello, mellorou o pavillón e cre que agora é necesario avanzar cambiando os marcadores. Castiñeira explicou que, “tal e como quedaramos na última reunión que tivemos o grupo municipal do PP e os responsables do C.B. Celtas, o delegado territorial da Xunta, Javier Arias, e o xefe de Deportes, o grupo municipal popular pediu no pleno municipal, mediante un rogo, que o equipo de goberno solicite sub-

vención autonómica para un novo marcador electrónico, en sintonía cos que hai xa colocados en diferentes pavillóns da comarca, que incluso permiten a reprodución de vídeos”. Queren que tal solicitude sexa formulada en canto a Xunta faga pública a convocatoria destas axudas para equipamentos deportivos.

Os populares cren que conseguir os novos marcadores “é interesante porque é un equipamento que modernizaría o noso pavillón e é pedido polo CB Celtas, que vén de recibir, hai poucos días, unhas canastras de minibasket a modo de subvención da Xunta”.

O punto limpo móbil estará en Nois

O Concello ven de comunicar que a partir do mércores 8 de marzo e ata o martes 14 o punto limpo móbil estará no centro social de Nois.

Nel poden depositarse pilas, aceites vexetais, aerosois, lámpadas, verniz, pintura, pequenos electrodomésticos, xoguets, roupa e calzado.

O servizo do punto limpo, situado en Escanlar da parroquia de Vilaronte, está no seu horario habitual, luns, mércores e venres de 9 a 13 horas e de 16 a 18 horas. E os sábados de 9 a 13 horas.

O Concello tamén dispón dun servizo gratuíto de recollida a domicilio de restos vexetais e podas do que os usuarios poden dispoñer solicitándoo na Delegación de Medio Ambiente do concello e indicando: nome, dirección, e teléfono.

virgulatiendademusica@gmail.com
Ingeniero Schultz, 2 - Ribadeo 27700
Tel. 982 129 532

Virgula

ACADEMIA Y TIENDA DE MÚSICA
Material didáctico, partituras, accesorios, instrumentos musicales,...

Amplo programa de actividades polo 8M

Viveiro propón un amplo programa de actividades para impulsar a igualdade real con motivo da celebración do 8 de marzo.

Do 10 ao 29 deste mes de marzo, a sala multiusos acolle a exposición fotográfica 'Eu muller, ti cómplice, elas loitadoras' de Aspanane. Continuará o mércores 15 coa presentación oficial do Selo de Correos dedicado a Maruja Mallo dentro da serie 'Mujeres en el Arte'.

Por outra banda, ata o día 18 a sala da Biblioteca Municipal manterá aberta a Exposición do VIII Concurso de debuxo escolar 'Mamá Traballadora', e tamén ese día remata a Exposición do Concurso de fotografía amateur 'Mulleres e Traballos' que acollen os comercios adheridos ao Casco Histórico de Viveiro.



O compromiso na loita pola igualdade que impulsa o Concello de Viveiro mantense durante todo o ano, e como exemplo o obradoiro 'Educando na boa Sexualidade' que se imparte ata abril entre o alumnado do IES de Viveiro, ou as actividades do Clube de Lectura 'En Feminino' que chega ata maio e no que participa a actriz Estíbaliz Veiga.

Colaboración solidaria con 'Tapones para una nueva vida'

Asinouse un convenio coa Fundación Seur para colaborar no proxecto solidario 'Tapones para una nueva vida'.

Viveiro súmase así á iniciativa que se iniciou a finais do ano 2011 e que promove a recollida de tapóns de plástico cun dobre obxectivo: ofrecer unha nova oportunidade a nenos e nenas de ata 18 anos que precisan de tratamentos excluídos da sanidade pública, e ao mesmo tempo reciclar plástico para que non acabe indiscriminadamente nos vertedoiros.

"É importante que todos colabore-

mos neste tipo de proxectos. Aplaudimos o labor que están a facer desde a Fundación Seur e animamos á veciñanza a que se sume tamén a esta gran tarefa de financiar o tratamento a nenos con enfermidades raras ou axudarlles na adquisición de materiais ortopédicos, que lles permitan paliar os seus problemas físicos", subliña a alcaldesa de Viveiro. Para facilitar a colaboración dos veciños nesta iniciativa solidaria e medioambiental, o Concello de Viveiro colocou un contedor na planta baixa do Concello no que se poderán depositar todos os tapóns.

Vaise mellorar a eficiencia enerxética do parque empresarial de Landrove



O Concello quere mellorar a eficiencia enerxética do alumeadado público do parque empresarial de Landrove polo que solicitou unha subvención para facer fronte ao gasto.

O goberno municipal adheriuse para elo á Orde do 14 de decembro de 2022 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta.

O importe solicitado é de 30.938,45 euros para a execución do proxecto, ao que hai que engadir os honorarios do proxecto e dirección de obra, por un coste de 2.722,50

euros.

O Concello proxecta unha obra que incluírá a substitución dos actuais puntos de alumeadado do parque empresarial por luces LED de maior eficiencia, co obxectivo de adecuala á normativa de baixa tensión e ao regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumeadado exterior.

O goberno local recorda tamén que, despois das reunións mantidas no seu momento con Xestur, insistirá e premerá á entidade para que adecente e peche as parcelas.

Bermúdez propón crear unha rotonda na zona dos institutos

O BNG incide en que "a día de hoxe, para poder facer un cambio de sentido na zona do pavillón municipal cóntase con dúas posibilidades: dar toda a volta polo paseo marítimo ou atravesar o aparcadoiro do pavillón, esquivando outros vehículos e sin un paso e accesos claros".

En calquera das dúas opcións obríga-se a pasar por dous pasos de peóns,

zona transitada maiormente por escolares que ademais sofren en horas punta unha gran circulación de vehículos particulares, "parece pois, pouco axeitado obrigar e concentrar o tráfico nestas zonas tan delicadas". No inicio desta zona existe unha isleta triangular cunhas dimensións que permitirían habilitar unha rotonda que facilitase o cambio de sentido.

BREVES

PUNTO LIMPO. O Goberno local informou da posta en funcionamento do punto limpo móbil que comezou a percorrer as diferentes parroquias. O vehículo, onde se depositarán os distintos tipos de residuos que non se poden deixar nos contedores de lixo habituais, estará neste mes de marzo diante do colexio de Covas (9 e 10), e na Misericordia, nas inmediacións do IES María Sarmiento (13 ao 15). Trasladarase tamén xunto á igrexa de Area (16 e 17 de marzo) e diante da piscina municipal de Celeiro (20 a 24). Rematará o seu percorrido na explanada da Variante do 27 ó 31 do próximo mes de marzo.

CEA BAILE. A comisión de festas de San Juan de Covas organiza para o vindeiro 25 de marzo a partir das 22.00 horas unha cea baile. Será nunha carpa instalada no campo da festa. Esta cea baile contará cun menú a base de empanada, entremeses, carne asada, bebida, sobremesa, café e chupito. Todo elo por 25 euros adultos e 15 para nenos menores de 12 anos. As entradas para a cea poden adquirirse no Mesón K2, no bar Nordés e no Xugo. Para reservar mesas para grupos será necesario chamar aos teléfonos 687 816 195 ou 618 368 896.

MAMÁ CABRA. O espectáculo de Mamá Cabra e Bellón Maceiras que se ía celebrar o 4 de marzo aprázase ao 21 de abril, por mor da baixa por enfermidade de dous dos músicos.

REAL CONFRARÍA. A Confraría da nosa Señora de Valdeflores vén de ser nomeada Real Confraría, a distinción máis elevada, polo Rei de España, Don Felipe VI. Trátase da segunda institución relixiosa vivariense que alcanza a alta honra.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694
629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

O Seminario Terra de Viveiro celebrará o Día das Tortillas

O Seminario de Estudos Terra de Viveiro celebrará o domingo 26 de marzo a tradición local do Día das Tortillas. Durante a xornada na cima do monte San Roque poderase gozar das fermosas paisaxes do val e da ría así como das explicacións do Cronista Oficial da cidade, Carlos Nuevo. Despois será o xantar na Parrillada Mirador San Roque para degustar as típicas tortillas, un variado churrasco e sobremesa, no ambiente de confraternidade que os caracteriza. A saída será ás 13.00 horas da Estación de Autobuses de Viveiro. O prezo será de 20 euros para socios, e 23 non socios. E o número de prazas está limitado a 50 persoas. A retirada de tickets farase en Seguros Mapfre Akilino.

O BNG afea ao Goberno local por non fomentar o uso da bicicleta

O BNG critica que o Goberno socialista votase en contra, "punto por punto, de todas e cada unha das propostas incluídas" na moción do BNG sobre o proxecto para un Viveiro ciclable.

Logo de presentar rogos en agosto do 2020 e en febreiro do 2021 para poñer en marcha unha comisión de estudo para consensuar entre todos as principais liñas de actuacións, "continuamos á espera da devandita comisión que mesmo fora prometida pola alcaldesa", din dende o BNG.

"Case tres anos despois resulta sorprendente que o Concello de Viveiro, que aprobou no 2019 unha moción sobre o recoñecemento do estado de emerxencia climática e que incluía unha serie de medidas propostas polo BNG, continúe á cola da mobilidade en bicicleta, sendo isto un dos principais eixos de transformación urbana da última década", engaden os nacionalistas.

Veciños de Camiño de Galdo anunciaron a Feira das Maulas

A Asociación de Veciños Camiño de Galdo reuniuse coa alcaldesa, María Loureiro, para anunciar a data de celebración da Feira das Maulas e poñer en valor o simbolismo desta tradición con máis de 300 anos de antigüidade.

As Maulas celébranse sempre o segundo domingo do mes de maio, que neste ano 2023 coincide o día 14. Nos últimos tres anos, o Concello ven de organizar integramente esta festa coa colaboración da Asociación Camiño do Galdo debido ó aumento dos costes e

aos novos requisitos da feira.

As Maulas naceron hai 300 anos como unha feira franca ou libre, na que os veciños de Galdo vendían aparellos de labranza, gando, pan, viño, panos ou froita. Foi en 1721 cando o Real Consejo de Castilla legalizouna a través dunha Real Cédula.

"Quero dar as gracias á Asociación de Veciños Camiño de Galdo e aos establecementos e tabernas da parroquia polo seu traballo para manter viva a tradición da Feira das Maulas", afirmou Loureiro.

O Concello porá en marcha a Oficina Acelera Pymes

Viveiro acolleu a posta en marcha da Oficina Acelera Pymes, o programa da Deputación que busca axudar ás medianas e pequenas empresas así como ás persoas autónomas de toda a comarca para a transformación dixital.

Entre os servizos que ofrece destaca o aproveitamento das moitas vantaxes que ofrecen as tecnoloxías da información como o acceso a novos

clientes e mercados, axilizar e flexibilizar os procesos produtivos ou coñecer mellor o perfil dos clientes e anticiparse á demanda.

Tamén informarán de ferramentas como o Certificado dixital, a Factura electrónica, a Solicitud das axudas do Kit Dixital ou a mellora da imaxe corporativa do negocio entre outras axudas. O teléfono de contacto da oficina é 629 604 087.

O PP insta a Loureiro a esixir a apertura do centro de día na residencia da terceira idade

O PP de Viveiro insta a Loureiro a cumprir "canto antes o acordo do pleno, a proposta súa, para esixir a apertura do centro de día na residencia da terceira idade".

Así o indica o portavoz popular, Óscar Rodríguez, despois do Pleno municipal no que o PP logrou que se aprobara a súa moción para "que se faga cumprir o convenio firmado e se obrigue, por todos os medios posibles, a que no que queda de ano a sociedade ou quen corresponda

poña en funcionamento dito centro de día, tan necesario para o noso pobo e ao que ten dereito pola cesión gratuita de terreos municipais". Rodríguez destaca a importancia de que Viveiro conte co servizo dado o envellecemento da poboación. Para o popular, "é inexplicable este deixamento do goberno municipal, non hai maneira de entender que tolere que os veciños non conten cun centro de día que gañaron cando cederon terreos públicos".

Volve o Premio de Novela Vilar Ponte

Foron publicadas as bases do V Premio de Novela Vilar Ponte, unha cita xa tradicional dentro de axenda cultural da vila que naceu co dobre obxectivo de lembrar aos escritores Antón e Ramón Vilar Ponte e difundir a literatura en lingua galega.

Como en anos anteriores, as bases recollen que todas as obras que se presenten deben ser orixinais, escritas en lingua galega e cunha extensión e temática libre.

Cada orixinal será presentado en catro copias en papel, sen sinatura pero con título e lema en sobre pechado.

O prazo de presentación acabará o próximo 30 de xuño e o lugar para enviar os orixinais será o Concello de



Viveiro. Establécense dous premios: un primeiro dunha contía de 4.000 euros e un segundo de 1.000 euros, coas súas correspondentes pezas de cerámica e diplomas. O acto de entrega terá lugar no Teatro Pastor Díaz.

Viveiro celebrará a tradicional Cea-Baile de Irmandade con motivo do Día da Muller

O Concello, a través da Concellería de Muller e o Centro de Información ás Mulleres (CIM), celebra o próximo 11 de marzo a tradicional Cea-Baile de Irmandade con motivo da conmemoración do Día Internacional da Muller.

Esta iniciativa, que se viña celebrando dende os últimos 17 anos pero que foi suspendida nas últimas dúas edicións por mor da pandemia, supón un punto de encontro entre as mulleres de Viveiro fomentando as relacións sociais e o seu tempo de lecer.

"Esta cea supón un acto de unión e de solidariedade entre as mulleres de Viveiro", subliña a alcaldesa, María Loureiro. "Cremos que é moi importante celebrar esta Cea-Baile. Dende a Concellería da Muller vémolos como un paso importante para estar unidas e loitando porque se faga xustiza por un mundo realmente



igualitario", engade a concelleira de Muller, Lara Fernández Fernández-Noriega.

A cita será o sábado 11 de marzo no Restaurante Louzao (Area-Viveiro) a partir das 22.00 horas. O custo será de 50 euros e as reservas pódense facer a través dos teléfonos 982 560 944 e 629 608 725.

Ortegal Oil

www.ortegaloil.es

Ortegaloil

¿QUIERES VIVIR COMO UN MINISTRO?

ACÉRCATE A NUESTRAS ESTACIONES DE SERVICIO Y OBTÉN TU CARNÉ DE MINISTRO DE COMBUSTIBLE PARA TENER PRECIOS DE ESCÁNDALO EN NUESTROS CARBURANTES

¡-5 CÉNTIMOS POR LITRO CON EL CARNÉ DE MINISTRO!



“O Plan Xeral é necesario para que Viveiro creza”

María Loureiro converteuse na primeira alcaldesa de Viveiro no 2013

Como foron estes catro anos?

Pois o primeiro lembrar que nestes catro anos aconteceu a pandemia e tanto para Viveiro como a nivel nacional sufriuse moito as súas consecuencias. Como equipo de Goberno teño que dicir que estes catro anos de goberno realmente convertéronse en dous, e durante eles tivemos que adaptarnos, preocuparnos e ocuparnos dos sectores máis prexudicados. Polo cal fixemos uns orzamentos de emerxencia nos que se axudou aos autónomos e aos pequenos empresarios pois eles foron os máis prexudicados xunto cos colectivos que traballaban da hostalaría e que tiveron que ir para casa. Despois houbo que facerse cargo das restricións que nos impoñían desde a Xunta de Galicia como foron os reforzos da limpeza, as tarefas de limpeza en sitios públicos, nos colexios, etc. Neste caso o Concello tivo que duplicar e mesmo triplicar o seu orzamento, pois a Xunta só nos concedeu 10.000 euros para a tempada estival e que só nos chegou para o primeiro mes, é dicir, para reforzar as praias, os parques, os baños públicos, etc. e o resto tivemos que poñelo nós. Polo tanto todo o programa de Goberno que tiñamos deseñado para este mandato non o puidemos levar a cabo, e precisamente estamos agora con el. Por outra banda, o tema da industria no que estivemos e seguimos sufrindo a nivel comarcal con Alcoa e no que afortunadamente parece que vai por bo camiño. Pero tivemos o peche de Vestas e o de Albo, e despois puxéronnos o caramelo de Altri que finalmente vaise para outro Concello da provincia de Lugo. Polo que si que é certo que temos moitas carencias. No relativo ao sector servizos sempre digo que o Concello de Viveiro está sendo un referente no punto de vista turístico, xa non só nas épocas do ano que de verdade son turísticas como é a Semana Santa ou o verán, senón tamén conseguimos desestacionalizalo o que fai que ao longo de todo

o ano haxa moitas excursións o que nos marca como destino fixo e coñecido.

Están quedando sen infraestruturas que faciliten o asentamento?

Claro. O primeiro, dicir que temos pouca industria e as competencias dun Concello son as que son e si que carecemos tanto en Viveiro como nos concellos da comarca dun plan industrial, que evidentemente ten que estar deseñado por unha administración autonómica como o establece o estatuto de autonomía. Polo tanto vemos que ao longo de toda a comarca da Mariña foron pechando empresas é precisamente isto foi froito da decadencia de infraestruturas que temos. Isto é como digo ás veces, Crónica dunha morte anunciada, cando a autovía do Cantábrico foise a Vilalba e sumadas as crises... así é como estamos. Si que é certo que a Mariña é moi coñecida, e cada vez máis, pero contamos cunhas infraestruturas moi pobres, e no noso caso, a Viveiro hai que vir a propósito malia que quen vén repite.

Como se atopa o PXOM?

Xa estamos na recta final na que temos todos os informes sectoriais e estamos co último que é o de AXI, que xa nos informou en varias ocasións de que era desfavorable. Con respecto ao PXOM tomamos diferentes determinacións, é dicir, denunciámos publicamente e fixemos incluso unha rolda cos voceiros da anterior corporación para reivindicar a importancia que tiña o Plan para Viveiro porque estamos cunhas normas subsidiarias obsoletas que eran provisionais seis meses e levamos 11 anos. Despois decidimos que sería mellor solución nos despachos con consenso e dicíndolles que todo o que nos pediran faríamolo pois queríamos e queremos que saia adiante. Pero debe ser que non hai interese de que se aprobe. Veremos agora que pasa coa AXI.

Por que é tan necesario?

É necesario para que Viveiro creza.

Moitas multinacionais sobre todo de alimentación viñeron a Viveiro porque lles interesaba, pero claro non podemos ofertar terreos porque non é posible.

Que proxectos quedaron sen facer?

O noso lema de Goberno tamén son grandes proxectos malia somos conscientes da realidade que estamos a vivir a nivel nacional, pero si que é certo que nós o que queremos é axudar á vida diaria dos veciños. É certo que temos moito rural e que temos problema de saneamento e sumidoiros e que hai algunhas parroquias que aínda non o teñen, pois outro dos nosos obxectivos é ilo completando. Tamén é público e notorio que temos unha débeda importante. No 2015 era de 15 millóns de euros e agora, a día de hoxe, reduciuse a 8 millóns. Polo que reducila tanto, nuns anos nos que azoutou a pandemia e seguimos mantendo os servizos, facendo obras e axudando á veciñanza, creo que bastante ben o fixemos. É algo que non se ve pero que ao longo do tempo a veciñanza notará a melloría.

E a esperada variante?

No 2009 o Concello tiña un proxecto aprobado e consensuado cos veciños aprobado polo Pleno da Corporación municipal, pola Deputación e polo Consello da Xunta cun trazado e cos informes listos. Despois houbo un cambio de Goberno e aos poucos meses chegou ao Concello unha caixa chea de planos onde nos dixeron que habería un novo trazado. Evidentemente houbo reclamacións por parte do Concello e os veciños, e no 2018 comunicaron que íase facer unha ponte, pero aí quedou nunca nos enviaron planos nin nada, nunca houbo vontade política. E xa coa tramitación do Plan Xeral dixeron que para seguir adiante tiñamos que aceptar o novo trazado, o que nos impuxeron eles, e nós que non queríamos condicionar ao pobo dixemos que si.

Falemos do barrio da Xunqueira.

Isto foi algo tremendo. Augas de Galicia fixo un proxecto de modificación desa zona valorado en medio millón de euros, e no que nun primeiro momento eles non aportaban nada... Naquel tempo e en campaña electoral o candidato do PP anunciou que a Xunta ía achegar o 33%, polo que nós dixemos de aportar outro 33% e a Deputación o outro 33%. É un proxecto con moitos estudos feito pola Xunta e no que din que estará acabado para este mes. Eu enten-



do que neste ano 2023 poderíase comezar coa licitación.

Contan cunha ampla variedade de actividades culturais, de teatro, concertos...

É certo que temos actuacións culturais ao longo de todo o ano e traballamos moito cos colexios desde a biblioteca así como contamos cunha programación de teatro moi boa. Tamén cabe destacar que temos a Semana Santa, que está declarada de Interese Turístico Internacional, e que nestes últimos anos colleu un gran pulo grazas ao traballo conxunto da xunta de Confrarías e ao apoio do Concello, pois entendemos que ademais de ser un acto relixioso é turismo e é cultura. O que destaca dela é a participación de todos os veciños independentemente de calquera crenza relixiosa é dicir é raro que nunha familia non participe algún membro porque ao final é un acto social.

E por suposto o Resurrection.

Xa van moitos anos e agora é moi sinxelo subirse ao carro pois o éxito e o traballo de comezalo xa está feito. Cada ano temos unhas 80.000 persoas e este ano seguramente máis. É certo que o seu comezo foi complicado e sempre me lembrarei de Melchor porque apoiou á organización desde o primeiro momento e mesmo cando había críticas. Lémbrome nunha rolda de prensa que dixera que ía estar ao nivel do Festival do Mundo Celta e ríronse del, pero aí está manténdose e sendo un festival do máis alto nivel. O Concello presta apoio con el deixándolle os espazos públicos para acampar e para facer o festival e os veciños beneficiáanse economicamente e algúns incluso din que ogallá houbera dous Resus ao ano. Ademais é dos poucos festivais nos que se convive cos veciños.



A Semana Santa é de Viveiro

A festa, declarada de Interese Turístico Internacional en 2013, é un dos maiores reclamos turísticos

Se hai unha festividade relixiosa que caracteriza á Mariña en xeral e a Viveiro en particular esa é a Semana Santa. As procesións que percorren as rúas da vila son consideradas referentes a nivel autonómico e destacan tamén entre os pasos do norte do país grazas ao seu valor artístico e emocional. A antigüidade desta celebración católica remontase ao século XIII, o que a converte nun dos festexos máis antigos e con máis tradición de Galicia. Tanta é a transcendencia da Semana Santa de Viveiro que no 1988 foi recoñecida festa de Interese Turístico Nacional e, no ano 2013, declarouse de Interese Turístico Internacional.

Fai máis de oito séculos as ordes dos franciscanos e dominicos asentáronse na vila mariñá para divulgar a Paixón de Cristo aos habitantes viveirenses e comezar o camiño desta gran tradición. As asociacións encargadas da organización da Semana Santa son as Confrarías, que foron crecendo e mudando co paso da historia. A Venerable orde Terceira Franciscana e mais a Venerable Confraría del Santísimo Rosario foron as primeiras organizacións responsables dos actos da festividade católica de Viveiro. Séculos despois fóronse sumando máis confrarías para seguir mellorando e enriquecendo os actos da dita conmemoración. En 1944 fundase a Confraría do Santísimo Cristo da Piedade, da que co paso do tempo saíron tres Irmandades: a do Prendemento, a das Sete Palabras e a de mulleres da Santa Cruz. Na actualidade súmanse a confraría da Misericordia e a do Nazareno dos de Fóra na implicación das antigas celebracións.

Tradicionalmente, despois do Pregón da Semana Santa e os Vía Crucis, dábase comezo aos principais actos do Xoves Santo coa procesión da Derradeira Cea. Na media noite acollíase as procesións da Misericordia e do Prendemento. Na seguinte mañá, a do Venres Santo, as rúas de Viveiro enchíanse para percibir o calor da procesión do Encontro, onde fan presenza o Cristo que cae e os pasos da Dolorosa San Juan e a Verónica. A tarde do venres celébrase o Desenclavo e a procesión do Santo Enterro, o paso máis elegante de todos, con portadores con vestiduras negras e altos capuchóns. A media noite dá lugar a procesión da Paixón, onde participan as confrarías das Sete Palabras e a de Santa Cruz, conformada integramente por mulleres. Á madrugada sae ás rúas tamén a procesión da Soidade, coas tallas da Virxe da Soidade, San Xoán e da Verónica.

Saúl Jiménez é o autor do cartel anunciador da Semana Santa de Viveiro 2023. O recoñecido fotógrafo vivariense, nomeado para os Goya de fotografía recibiu o encargo da entidade organizadora durante a Coresma de 2022 co fin de puidese traballar durante a Semana Santa dese ano para contar con material para o cartel que divulgará a celebración en todo o mundo.

O autor presentou unha selección de fotografías entre as cales se seleccionou a que formará parte do cartel, ademais doutras 21 instantáneas que se expoñerán na Praza Maior da cidade do Landro durante as xornadas da Pascua vivariense.



A Semana Santa de Viveiro é un dos principais reclamos turísticos da localidade conseguindo ano a ano atraer a miles de visitantes que chegan chamados polo carácter único destas celebracións



Programa cultural Adral

A Semana Santa celebrárase oficialmente na segunda semana de abril, malia que os actos da Xunta de Confrarías xa comezaron. Nestes actos centos de fieis congregáronse un ano máis para gozar cunha das mellores celebracións que está declarada como Festa de Interese Turístico Internacional. Ademais das tradicionais procesións haberá actividades paralelas da man da Xunta de Confrarías para ir preparándose para a celebración. O xoves día 9 de marzo na sala multiusos do Concello haberá unha conferencia a cargo de Antonio Mendiña Santomé, reitor do Seminario Menor San Pelayo Diocese de Tui-Vigo, sobre *As mulleres nos relatos Evanxélicos da Paixón*. O día 10 será o concerto do Coro do Conservatorio de Música de Viveiro e o sábado 11 o concerto da Banda Municipal O Landro, ambos na igrexa de San Francisco.

O xoves 16 de marzo na igrexa de Santa María será o concerto de Enxemble de Cámara do Conservatorio, o venres 17 na igrexa das MM. Concepcionistas o do Coro SondeNos.

O domingo 19 será a quenda do cine da man de Claret, e o venres 24 volverá a música co Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia na igrexa de San Francisco. Na xornada do sábado 25 comezará o XI Certame de Bandas Cidade de Viveiro na praza Jacinto Calvo coa participación de cinco agrupacións.

Por último, o martes 28 de marzo pechará o programa a conferencia *Ser cofrade, unha forma de ser cristiano*, a cargo de Daniel Cuesta Gómez. E o sábado 1 de abril será a presentación do libro *Escultores Rivas Varela de Riotorto a Compostela*, e o pregón oficial que estará a cargo de Emilio Xosé Insua López.



Visitas guiadas alternativas

O Concello de Viveiro, a través da súa Concellería de Turismo, programa unha serie de visitas guiadas con motivo da Semana Santa. As diferentes propostas consisten en percorridos panorámicos polo municipio ou rutas de sendeirismo coas que coñecer novos lugares en Viveiro. A primeira ruta será o sábado 1 de abril ás 16.00 horas coa Rutas dos Muíños de Balea, cunha lonxitude de 5 quilómetros na que coñecer estes elementos hidráulicos e a vexetación de ribeira, e que se repetirá o sábado 8 ás 11.00 horas.

A seguinte proposta será o domingo 2 co Viver-tren de Covas a Celeiro ás 16.00 horas, que se poderá facer tamén o venres 7.

Xa o luns 3 ás 11.00 horas poderase facer un percorrido panorámico no que visitar o Souto da Retorta, un percorrido no que visitar o monu-

mento natural O avó, a árbore de maior volume en España, así como admirar a arquitectura indiana. O martes 4 será a quenda da ruta polo paseo fluvial do río Landro.

O mércores 5 ás 11.00 horas ofrécese unha vista ao Complexo Regal Xunqueira, no que gozar da arte e artesanía local nestes museos. O xoves 6 ás 16.00 horas, farase unha ruta ata o Monte San Roque na que se ascenderá ao cume deste monte, a 350 metros sobre o nivel do mar.

O domingo 9 pechará o programa o percorrido panorámico á Área Etnográfica da Insua ás 11.00 horas para coñecer a actividade de carga de minerais de ferro da zona.

As inscricións deben realizarse no correo electrónico viveirovisitas@gmail.com. Todas as rutas terán como punto de partida a estación de autobuses de Viveiro.



Ruta dos Faros en tren

Viveiro formará parte este ano das rutas dos trens turísticos de Galicia, unha iniciativa entre Turismo de Galicia e Renfe que percorrerá os principais destinos de ocio e lecer da comunidade autónoma.

O municipio incluíuse nun dos traxectos desta iniciativa na categoría da Ruta dos Faros, e na que ata seis trens turísticos pararán en Viveiro entre os meses de xuño e setembro para amosar o encanto desta vila.

Esta viaxe, que transcorre polo litoral norte de Galicia, inclúe un percorrido a pé polas rúas do centro histórico viveirense e na que todos os viaxeiros contemplarán o encanto desta vila mariñeira.

Ademais, a Ruta dos Faros achegará aos viaxeiros ata Estaca de Bares, o punto máis setentrional da Península Ibérica, e outros lugares senlleiros do litoral norte de Galicia, como son o cabo Ortegal ou os cantís de Vixía Herbeira, dos máis altos de Europa, así como o santuario de Santo André de Teixido. Percorrerase a pé as rúas do centro



histórico de Viveiro e xa de regreso achegárase ata os famosos cantís de Loiba. Un guía especializado acompañará aos viaxeiros durante todo o traxecto e os percorridos dos trens completaranse con autobuses que achegarán aos pasaxeiros aos diferentes puntos de interese. Poderase aprender sobre a historia do ferrocarril en Galicia e revivirse o esforzo de miles de persoas que fixeron posible unha das obras máis complexas da enxeñería española.

Comezaron as melloras de accesibilidade da rúa de Galdín



Están en marcha as obras de mellora de accesibilidade da rúa de Galdín, en San Cibrao. Esta actuación supón un orzamento que supera os 100.000 euros e faise con fondos procedentes do Plan Único.

Tal e como apuntou o rexedor local, con esta actuación pretendemos mellorar a accesibilidade da vía, conseguindo integrar a circulación tanto de vehículos como de peóns.

Ademais, vaise substituír a rede de abastecemento existente, así como tamén se vai instalar unha nova rede de saneamento cun sistema de separación de pluviais e fecais. Por último, acometerase unha renovación do firme.

Esta obra, que naceu froito da comunicación coa veciñanza, –engadiu o rexedor– está en sintonía coa liña que vimos trazando desde o goberno municipal, “co obxectivo de ir incrementando a rede de infraestruturas básicas, apostando por espazos públicos de calidade, cómodos e accesibles para desfrute da veciñanza”.

LIEIRO. O alcalde, Alfonso Villares, a tenente-alcalde, Dolores García Caramés, a edil de Obras, Mali Méndez e o concelleiro de Deportes, David Rodríguez, desprazáronse ata a pa-

rruquia de Lieiro, onde, na compañía do pedáneo da zona, Luís López, e de veciños do lugar, supervisaron diferentes actuacións de mellora que se executaron en 6 vías da zona, entre elas a estrada do cemiterio; pero tamén na zona do Bao, a Venta, e o Camiño de Saíñas.

As melloras abranguen unha superficie total que rolda os 1.000 m2 e supuxeron un investimento superior aos 20.000 euros, procedentes de fondos municipais.

Ademais, tamén se executou un paso de peóns elevado na vía de acceso que vai desde a avenida de Lieiro ata a praia da Limosa “para reducir a velocidade do tráfico rodado e favorecer a seguridade dos viandantes nesta zona transitada”, explicaron.

Tal e como destacou Villares estas actuacións “responden ao obxectivo de ir mellorando, pouco a pouco, o asfaltado daquelas zonas do noso municipio que o precisen polo desgaste provocado polo paso do tempo e as inclemencias meteorolóxicas, para mellorar a seguridade do tráfico rodado, e tamén dos peóns, nunha zona do noso municipio moi frecuentada pola veciñanza dada a súa situación”.



ÁRBORES FROITEIRAS. A edil de Medio Ambiente, Mali Méndez, fixo entrega das árbores froiteiras e autóctonas aos veciños que quixeron participar neste pedido conxunto, que dende o Concello se leva tramitando desde hai varios anos. Apuntou que con iniciativas coma esta o que “pretendemos é abrir camiño á veciñanza para que as súas fincas sexan cada vez máis produtivas”. O número de exemplares entregados nesta ocasión foi 72 árbores solicitados pola veciñanza.

Unha axenda cargada de eventos para celebrar o Día da Muller

Cervo prepara unha axenda cargada de eventos para celebrar o Día Internacional da Muller a fin de semana do 10, 11 e 12 de marzo.

As actividades contan coa organización da delegación de Muller e Igualdade, que dirixe Pilar Armada, e as diferentes asociacións de mulleres do municipio: Asociación de Mulleres de San Ciprián, Amas de Casa Alborada, Mulleres Rurais As Espalladoras e Mulleres en Igualdade de Cervo.

O venres, día 10 de marzo, Tito Rober amenizará a tarde a partir das 19.30 horas cun divertido monólogo no Auditorio da Casa da Cultura e a xornada rematará coa presentación do reportaxe *As mulleres de Cervo*, unha homenaxe en forma de vídeo ao incesante traballo de varias das mulleres do municipio.

O sábado 11 terá lugar a xa tradicional cea do Día Internacional da Mu-



ller, no restaurante O Noso Lar ás 22.00 horas. Na cea farase entrega dos trofeos ás gañadoras dos campionatos de tute e parchís que se están a xogar dende o mes de xaneiro, así como un sorteo de agasallos cedido polas asociacións. A xornada rematará con baile na Casa do Mar, a cargo do Dúo Estrellas.

A fin de semana terminará por todo o alto o domingo 12 de mar-

zo ás 19.00 horas co Karaoke pola Igualdade no auditorio da casa da cultura. Unha actividade que aposta polo valor á figura feminina na música coa condición de interpretar temas compostos ou popularizados por mulleres.

O xurado estará composto por un representante de cada unha das asociacións de mulleres do municipio.

Sogama financiará proxectos de carácter ambiental en Cervo



O presidente de Sogama, Javier Domínguez, e o alcalde de Cervo, Alfonso Villares, rubricaron o convenio de colaboración, que estará en vigor durante 1 ano, e que rexerá o financiamento, por parte de Sogama, de proxectos de utilidade pública de marcado carácter ambiental orientados a mellorar o benestar e a calidade de vida dos cervenses.

En concreto, Sogama achegará ao ente local 148.233,39 euros, contía que se destinará á execución das obras correspondentes ao proxecto de Rede de Distribución de Abastecemento en Trasbar Fase 1. Con este desembolso, a compañía quere cooperar nas tarefas de protección ambiental e agradecer ao Concello ao posibilidade da obra da planta de compostaxe, situada no polígono industrial de Cuiña, que tamén estará ao dispor

dos municipios máis próximos, axudándolles a dar debido cumprimento ás directrices europeas en materia de residuos.

SERVIZO. Unha vez concluída a obra da planta de biorresiduos e a instalación entrará en funcionamento durante este primeiro semestre de 2023. A instalación ocupa unha parcela de case 8.000 m2 e dará servizo a 15 concellos do arco cantábrico galego, aglutinando estes unha poboación de máis de 69.300 habitantes. Ademais, estará alimentada por enerxías renovables, contribuíndo con isto á loita contra o cambio climático, e contará con novos e innovadores sistemas de depuración de augas e de aire, así como de redución do nivel de ruído, garantindo desta forma unha operativa respectuosa coa contorna máis inmediata.

Cervo anunciou os gañadores do certame de amor na rede

O Concello anunciou aos gañadores do tradicional certame de amor na rede que xa vai pola IX edición e que se celebra con motivo do Día dos Namorados.

Nesta ocasión os traballos deberon compoñerse en torno á idea do Amor Propio ou autoamor, sendo unha homenaxe a un mesmo.

Na categoría para menores de 18 anos os gañadores foron O meu amor de Jesús López coa mellor carta, e El amor a ti mesmo de Nuria Iglesias López polo traballo máis orixinal. Na categoría de maiores de 18 anos o mellor video foi para Amarme mejor de María Aurora Pinín Fernández, a mellor foto foi para Quérete moito de María Jesús Miraz Rivera, a mellor carta foi a de Tomás Mariño con Entre cuatro paredes, e no traballo máis orixinal houbo un empate entre Mi espejo de José Antonio Carretero e Recetas de Amor de Rebeca Rodríguez.

O premio para menores de 18 anos consiste nun vale de 40€, para os mellores traballos en cada un dos formatos, para gastar en calquera establecemento do concello de Cervo. Na categoría para maiores de 18, a recompensa será un vale, tamén por cada formato que resulte gañador, que se poderá trocar por unha cea para dúas persoas en calquera establecemento hostaleiro do termo municipal.

Aprobado inicialmente o proxecto de mellora da estrada das Quintás

Aprobado inicialmente o proxecto de urbanización do PEID da estrada As Quintás pola xunta de Goberno local. O Consello da Xunta convenia a colaboración co Concello para impulsar a mellora da estrada, que suporá un investimento de máis de 1 millón de euros.

A Xunta achegará preto de 770.000 euros, mentres que o Concello asumirá o importe restante, algo máis de 256.000 euros, ademais de licitar e executar as obras.

O obxecto do convenio é levar a cabo unha remodelación un treito de 382 metros da vía, entre a conexión coa estrada a Sargadelos, a CP-15-05, e o enlace coa rúa do Vilar a través da ponte sobre o río Xunco. Esa estrada, cunha anchura de 3 metros, carece na actualidade de beirarrúas e beiravías.

Con estas obras ampliarse a calzada desa vía coa finalidade de que funcione como vía de circunvalación do núcleo urbano de Cervo, minimizando o tránsito de vehículos polo centro urbano e, especialmente, polo casco antigo do municipio.

Así, a mellora desta estrada facilitará o acceso desde o núcleo urbano de Cervo e desde a estrada N-642 á aldea e ás fábricas de Sargadelos, complexo siderúrxico e cerámico catalogado como conxunto histórico debido ao seu valor cultural e et-



nográfico, con importancia turística no concello.

Está previsto reducir a sinuosidade do trazado desta estrada, ao adaptar a súa traza a radios máis amplos e dotala dunha calzada de carrís de 3 metros, sempre acompañados de beiravías de largos variables en función da existencia de beirarrúas.

A remodelación incluírá a execución dun treito de novo trazado, reservando para a circulación dos peóns a ponte actual sobre o río Xunco. Esta nova estrada incluírá tamén beirarrúas na marxe leste, cunha sección de 2 metros que permite o paso de viandantes en ambos os sentidos.

Tamén se aproveitará para engadir sobreanchos que permitan que os autobuses que se dirixen ao conxunto histórico de Sargadelos poidan xirar sen perigo. Así facilitarase o acceso desde a N-642 a ese conxunto histórico, ademais de favorecer o acceso á residencia proxectada e ao centro de día do municipio.

As obras terán tamén en conta a reposición e ordenación dos servizos de electricidade e telecomunicacións. No caso do saneamento, prevese a renovación da rede de pluviais, e instalarse baixo a nova plataforma e sempre que sexa posible baixo a beirarrúa.

Mariña Patrimonio organiza a conferencia 'O castro de Rueta'

A asociación Mariña Patrimonio organiza para o sábado 11 de marzo a conferencia *O castro de Rueta. Resultados das investigacións arqueolóxicas de mínima invasión*, na que o arqueólogo David González Álvarez, investigador do Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIIT), CSIC, dará a coñecer os resultados das investigacións arqueolóxicas no castro de Rueta.

A conferencia, que dará comezo ás 12.00 horas, terá lugar na Casa da Administración de Sargadelos e a súa entrada será libre e gratuíta.

A intervención arqueolóxica, que contou co apoio da Deputación e do Concello, estivo a cargo dun equipo do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), coordinado por David González Álvarez (Instituto de Ciencias do Patrimonio) e por Jesús García Sánchez (Instituto de Arqueoloxía de Mérida). Nas actuacións levadas aplicáronse métodos de traballo non invasivos, sen mover nin un gran de terra, empregando magnetómetros e xeorradars.

Aberto o prazo de inscrición para os VII Cantos de Taberna da Foliada Nordestía

Aberto o prazo para inscribirse nos VII Cantos de Taberna da Foliada Nordestía de San Ciprián e que se celebrará o sábado 1 de abril.

Para poder facelo é moi sinxelo, tan só haberá que cubrir o formulario na web antes do 23 de marzo. As prazas son limitadas polo que a organización di que "non hai que demorarse".

Este ano, que chega a súa sétima edición, dará comezo ás 12.00 horas e cada grupo poderá aportar xunto coas voces, instrumentos musicais que os acompañen como o acordeón, guitarra, instrumentos de vento ou percusión tradicional. Ademais cada grupo estará convidado a un máximo de 8 consumición básicas en cada local do seu itinerario e disporán tamén de 8 invitacións para o xantar popular.

A cita, organizada por A Rebo-



laxe e que conta coa colaboración do Concello, previsiblemente contará como en anos anteriores con xogos infantís e outras actuacións.

A organización tamén está a confirmar os primeiros concertos que estará a cargo de Fransy, Davide e Cibrán, e o Comando Curuxás.

Adecuarase un vieiro entre os montes de Caolín, en San Román, e a estrada N-642

O Concello de Cervo leva máis dun ano traballando nun proxecto de adecuación e construción dun vial que servirá de enlace entre os montes de caolín situados na parroquia de San Román, e a N-642, á altura do Burgo de Daian, onde se situaba a antiga canteira "a fin de favorecer o tránsito dos vehículos pesados da mina de caolín que está a piques de poñerse en funcionamento, e tamén dos camións que transportan madeira dos montes cervenses, evitando así o seu paso polos núcleos de poboación".

Así o explicou o rexedor, Alfonso Villares, quen apuntou que é unha boísima noticia, especialmente para a parroquia de San Román, que se vaia retomar a actividade desta mina, "desde o Concello estamos en contacto coa firma arrendataria da canteira para facilitarlles na medida das nosas posibilidades a súa actividade, tan positiva para o noso municipio".



Deste xeito -engadiu- esta vía de enlace que proxectamos, e da que xa son coñecedores, discorre na súa totalidade por terreos municipais, o que nos permitirá axilizar ao máximo os tempos e os trámites, ao depender en todos os aspectos e unicamente da administración local.

Cervo suma case 5 km de sendeiros azuis



O edil de Turismo, David Rodríguez, desprazouse a Santiago de Compostela, en representación do Concello, para recoller as bandeiras Sendeiro Azul coas que foi galardoado o Concello de Cervo. Nesta ocasión, e por primeira vez, foron distinguidos tres itinerarios diferentes do municipio con esta insignia: Sendeiro Azul O Torno, Sendeiro Azul Cubelas – O Rego e Sendeiro Azul Río de Lavar – Muíño do Medio, o que sitúa ao municipio como o único da provincia que suma tres distintivos destas características.

O Sendeiro Azul do Torno recibe, así, e por oitavo ano consecutivo, esta distinción que o referencia como un reclamo de primeira orde para o noso Concello.

En canto ao Sendeiro Azul Río de Lavar- Muíño do Medio, cabe sinalar que se trata dunha ruta circular que nos traslada no seu pouco máis de quilómetro e medio a algúns dos máis antigos oficios de Galicia.

En canto ao itinerario Cubelas-O Rego, cabe sinalar que conta cun percorrido de 900 m que une a praia de Cubelas coa pequena do Rego.

Rodríguez valorou de xeito moi positivo estes recoñecementos "que referendan o labor que levamos moito tempo desenvolvendo desde o Concello en prol da posta en valor do patrimonio natural, é un incentivo máis para seguir a traballar baseándonos no compromiso coa contorna".

Creando o novo Cervo do futuro

O Concello está a poñer en valor o Conxunto Histórico Artístico de Sargadelos, como lugar emblemático do municipio pola súa importancia natural e patrimonial creando espazos versátiles



“A senda peonil vai permitir crear unha vía de comunicación segura entre a Antiga Real Fábrica de Fundición de Sargadelos coa actual Fábrica de cerámica”

APARCADOIRO. O Concello está a realizar unha mellora integral no Conxunto Histórico Artístico de Sargadelos. Neste sentido, a administración local vén de crear un novo aparcadoiro público que ten capacidade para máis de 50 vehículos. Tal e como explicou o rexedor, Alfonso Villares, “este novo aparcamento foi concibido co obxectivo de seguir a traballar na posta en valor de toda esta contorna con elo imos conseguir o obxectivo de eliminar a presenza de vehículos das marxes da vía principal para mellorar a seguridade e tamén o impacto visual”. Unha vez rematado, que xa está habilitado ao tráfico, as persoas que visiten o Conxunto Histórico xa teñen unha alternativa real e práctica para estacionar. “A liberación de tráfico desta estrada permitiranos facer máis atractiva a visita a este enclave”, e lembrou ademais, que esta nova infraestrutura tamén servirá para potenciar os negocios establecidos neste espazo para o emprendemento que impulsan desde o Concello. Nos vindeiros días procederase a acondicionar o firme diante do antigo edificio das Cabalerizas que hoxe alberga o Centro de Emprendemento e Artesanía, limitando o seu tránsito exclusivamente para uso peonil.

PASEO PEONIL. Tamén iniciaron as obras para a construción dun paseo peonil que comunicará a Antiga Real Fábrica de Fundición de Sargadelos coa actual Fábrica de cerámica. O obxectivo principal desta actuación “que é unha aposta municipal pola mobilidade sostible” é o de separar o tráfico peonil do rodado, o que supón unha remodelación integral da estrada establecendo unha nova cuneta de formigón cos seus respectivos desaugues e cruces da vía. Tamén se vai renovar a rede de abastecemento de auga, propiciando a conexión coa actual fábrica de Sargadelos. “Establecerase unha rede de alumeadado público, respectuosa coa paisaxe, entre os dous puntos, executando as canalizacións, o cableado e as luminarias precisas para ofrecer este servizo. Por último, soterrarase o cableado existente na actualidade da rede de telefonía e renovarase a pavimentación dos tramos afectados pola obra”, engadiu. Tal e como apuntou Villares “con esta actuación pretendemos mellorar a seguridade en toda esta contorna, creando un espazo público de calidade na parroquia de Sargadelos”.

CARBOEIRAS. Por outra banda acondicionouse o edificio das Antigas Carboeirás do Conxunto Histórico Artístico de Sargadelos para dotalo dunha maior versatilidade. Tal e como explicou o alcalde, “o obxectivo que perseguimos con esta obra é mellorar este espazo que pola súa situación en pleno Conxunto Histórico Artístico, e logo desta actuación, será unha infraestrutura que ofrecerá un sen fin de posibilidades, polas súas características”. O proxecto contemplou o saneamento interior e exterior dos muros perimetrais da edificación, o saneamento interior das fachadas, a reparación da cuberta e a colocación de canlóns. O interior acondicionouse pensando no aproveitamento óptimo das instalacións para conseguir un espazo adecuado para múltiples fins. O rexedor puxo en valor esta nova obra “que vén complementar a actuación integral que se levou a cabo nos diferentes edificios do Conxunto Histórico Artístico de Sargadelos, como foi a restauración da antiga Nave de Función e das Antigas Cabalerizas, hoxe convertidas nun centro de emprendemento cuxa ocupación está ao 100%”.



O que está por chegar

A transformación do barrio cervense da Atalaia é un dos piares fundamentais para ampliar e habilitar novos espazos públicos no municipio e sobre todo abertos xunto ao mar

Este emblemático barrio cervense contará nun futuro cun novo espazo que consistirá nunha praza para así ampliar os espazos públicos do concello de Cervo.

O edificio deshabitado, que foi adquirido no ano 2021 tras unha complexa negociación cos propietarios, xa foi derrubado por completo a comezos deste ano. Esa edificación ergueuse no ano 1978, cun total de 4 plantas e un soto, co obxectivo de albergar vivendas, e desde entón nunca estivo habitado. Estes terreos, tiñan unha superficie construída de 2.171 m².

Agora dará paso ás obras de acondicionamento dunha praza pública financiada con fondos do Plan Hurbé da Xunta de Galicia, por un importe superior aos 400.000 euros.

O proxecto pretende conservar os muros de contención, que, xunto cunha serie de piares, servirá de apoio para un forxado reticular que soporte o uso público e os elementos de xardinería. A decoración da praza terá como referentes a caza das baleas e a cerámica de Sargadelos. De feito, o novo muro e o banco corrido revestirase cun mural con restos de cerámica. Ademais, o desnivel da zona noroeste salvarase cunhas gradas que permiten contemplar a zona arqueolóxica do outro lado da rúa.

A zona axardinada representará unha balea feita con lombeiros de terra vexetada. A balea delimitarase con aceiro corten. A maiores, demolerase a beirarrúa do lateral nordés e

pavimentarase igual que a rúa.

As tarefas de reforma acometeranse ao abeiro do plan Hurbé, un programa que este ano conta cun orzamento reservado de 7 millóns de euros e que o Goberno galego promove



desde hai máis dunha década para axudar ás administracións locais a executar este tipo de proxectos.

Así mesmo e na mesma zona erixirase o primeiro Centro Arqueolóxico da Mariña o primeiro destas características na contorna.

Villares explicou “entendemos que todos os restos do Castro da Atalaia como doutros xacementos da nosa zona, merecen ocupar o lugar que lles corresponde para a súa posta en valor”.

Esta futura construción situará a Cervo como referente en materia de arqueoloxía e patri-

monio na Mariña ao tempo que repara toda a panorámica da zona”.

Con respecto ao esqueleto no que se situará o Centro de Arqueoloxía da Mariña, Villares recordou, que “o edificio xunto cos terreos, saíu a poxa logo dos trámites administrativos realizados desde o Concello o que permitiu chegar a esta situación. Un camiño que non foi nada sinxelo de percorrer e que nos fai retrotraernos varios anos atrás, no 2019 iniciouse un informe técnico de reposición da legalidade, que desembocou en tres multas coercitivas; por un valor total de 13.000 euros; e entremedias aprobouse tamén o Plan Especial de Protección do Xacemento da Atalaia”. Todos estes pasos previos permitíronnos chegar agora a esta situación tan favorable de

ser o Concello de Cervo o titular da estrutura e da parcela na que foi levantada no ano 2007, e que pretendía albergar 42 vivendas, con garaxes e rochos, en 7 niveis diferentes”. Tal e como subliñou Villares, “con estas actuacións queremos poñer en valor toda esta zona tan privilexiada do noso Concello, como é a Atalaia, que, coa nova Praza e co Centro de Arqueoloxía, sumará atractivos para desfrute da veciñanza e tamén das persoas que se acheguen a visitarnos”.

“A decoración da praza terá como referentes a caza das baleas e a cerámica de Sargadelos e o desnivel da zona noroeste salvarase cunhas gradas que permiten contemplar a zona arqueolóxica”

A Concellería de Inmigración organiza actividades de sensibilización e cursos

Dende a Concellería de Inmigración, Cooperación e Integración realizará unha serie de actividades de sensibilización para nenos e nenas e uns concursos de lemas e debuxo para conmemorar o Día internacional para a Eliminación da Discriminación Racial, que se celebra o vindeiro 21 de marzo.

A concelleira de Integración, Noelia M^a Ben, contou que “organizaremos unha nova edición da Ocaimigrante para o alumnado de 3^o de Primaria dos Ceips municipais, Ceip Virxe do Carme e Ceip Vista Alegre, coa colaboración da aula de Medio Ambiente Gaia. Serán os días 23 e 24 de marzo.

Con esta actividade preténdese sensibilizar aos máis novos sobre esta temática e ensinarlles a ver o mundo dende outra perspectiva, así como facelos conscientes das necesidades existentes no mundo que nos rodea”.

A edil burelesa explicou que “tamén convocamos os IX Concursos de Lemas e Debuxo e Pintura para o Día Internacional para a eliminación da discriminación racial. Os obxectivos dos mesmos son transmitir a través de mensaxes curtas ou debuxos a importancia da educación en igualdade e a necesidade de eliminar a discriminación racial, así como a súa prevención”. Noelia M^a Ben engadiu que “as bases para poder participar nes-



tes concursos están publicadas na sede electrónica do Concello de Burela. A data para a presentación dos traballos remata o 3 de abril”.

CURSOS. O programa de atención a inmigrantes está a organizar varias accións formativas para axudar a alcanzar un bo grado de integración ás persoas estranxeiras. Ben, explicou que “se trata dun curso para preparar a proba de coñecementos constitucionais e socioculturais de España para a consecución da nacionalidade española. Con esta formación trátase de axudar a preparar a mencionada proba esixible para a obtención da nacionalidade española, e terá unha duración de 50 horas”. As persoas interesadas en obter máis información sobre estes cursos poden dirixirse á Casa do Concello ou chamar ao 982 586 000 e 982 580 609.

Manuel Rouco será o candidato do PP á Alcaldía de Burela

O candidato do Partido Popular de cara ás vindeiras eleccións municipais no Concello de Burela será Manuel Rouco. A proposta, acordada por unanimidade polo comité local, foi apoiada pola dirección provincial. O actual portavoz municipal e presidente do PP local amósase “agradecido pola confianza e con moitas ganas de traballar por Burela”. O popular avanza que “temos un proxecto realista de presente e de futuro para a nosa vila” co que “recuperar o que Burela non debeu deixar de ser durante os anos de desgoverno socialista”.

Rouco considera “fundamental” facer unha correcta “xestión do día a día da vila”. Nese sentido, se consegue o apoio dos veciños e veciñas na cita coas urnas do vindeiro 28 de maio “governaremos de cara á xente e non de costas aos intereses dos



veciños e veciñas de Burela”, en referencia ao actual goberno. De feito, como voceiro leva catro anos fiscalizando a falta de acción do goberno local xunto aos compañeiros do Grupo Municipal Popular, “os únicos que estamos a facer durante este mandato labor de oposición e que, ao mesmo tempo, propoñemos alternativas para solucionar algúns dos problemas do pobo de Burela”.

AFAN poñerá en marcha o programa Move a Mente

A Asociación de Familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias, AFAN, de Burela poñerá en marcha neste mes de marzo o programa Move a Mente, un programa pioneiro de prevención do deterioro cognitivo e detección precoz das demencias dirixido a persoas maiores de 55 anos.

Será totalmente gratuito para os asistentes grazas á subvención concedida para a realización de programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0.7% do IRPF.

Con este programa a entidade non só pretende estimular e manter as capacidades cognitivas dos asistentes senón que realizará un cribado a través dunha valoración cognitiva inicial de cada participante, así como outra de seguimento



e unha final, co fin de detectar de xeito precoz calquera indicio dunha posible demencia e poder así derivar e atender a tempo estas doenzas. Para iso a entidade conta cun equipo multidisciplinar formado por profesionais especializados que se encargarán de levalo a cabo ao longo de todo o ano.

O programa terá lugar na sede

social, cedida polo Concello de Burela, que a asociación ten ubicada na Casa do Mar de Burela e conta con 20 prazas que poderán ser distribuídas en dous grupos de traballo e en sesións de dúas horas semanais.

As persoas interesadas poden inscribirse previamente chamando ao teléfono 982 580 610.

O IES Perdouro foi premiado nun certame sobre RCP

O IES Perdouro de Burela foi premiado no 1^o Concurso escolar sobre reanimación cardiopulmonar, organizado polo Colexio Oficial de Médicos da Coruña.

Na entrega de premios gabouse a calidade dos proxectos premiados e a variedade de formatos empregados por alumnos e profesores para promover as técnicas de resucitación. Os centros premiados son o Centro Público Integrado CPI O Cruce de Cerceda, o colexio Peleteiro de Santiago de

Compostela, o colexio CEIP Isidro Parga Pondal de Oleiros e o IES Perdouro de Burela.

O proxecto premiado no IES Perdouro foi o cartel Dá Vida, dun grupo de alumnado de 4^o ESO, que explica os distintos aspectos da reanimación cardiopulmonar e ao que se lle deu difusión tanto nas diferentes aulas do instituto como na radio de Burela. O xurado valorou o esforzo de información e concienciación, non só no propio centro educativo senón tamén á comunidade local.

Dous policías locais en prácticas uniranse a partires de xuño

O alcalde, Alfredo Llano, anunciou a incorporación en prácticas de dous policías locais a partires do vindeiro mes de xuño. A plantilla quedará constituída entón por 8 efectivos.

O rexedor explicou que “en Burela a verdade é que minguou bastante a plantilla da Policía Local co tempo, por xubilacións e traslados. Entón agora contamos con 7 efectivos, pero está a punto de xubilarse un deles, o que era o xefe provisional, e vamos contratar a dúas persoas máis. Precisamente asinamos a posesión en prácticas de dous policías,

que se van incorporar, en principio para facer as prácticas, o 23 ou o 24 de xuño; e despois, se todo vai ben, xa serían funcionarios en decembro”.

Llano subliñou que “con estas dúas incorporacións xa logramos ter unha plantilla estable de 8 persoas, cando se xubile esta persoa que comentaba antes. O ideal sería que tivéramos 10 como mínimo. Para o ano que vén serían dúas peticións máis e entón xa quedaría basicamente completa a estrutura fundamental da Policía Local”.

Llano aposta por manter e potenciar as relacións entre Burela e Cabo Verde

Hermenio Fernandes, presidente da asociación nacional de municipios caboverdianos, visitou o Concello de Lugo e estivo co rexedor local, Alfredo Llano, e xuntos participaron nun evento organizado polo Fondo Galego de Cooperación, do que forma parte o Concello burelés.

Para o rexedor “é interesante que siga habendo unha boa relación porque o convenio co municipio de Sao Miguel asinouse principalmente para colaborar con eles con respecto ao ensino, e xa se fixeron cousas nese ámbito; tamén para cuestións relacionadas coa saúde e coa medicina; e sobre a pesca. Había eses tres puntos de referencia para cooperar, pero realmente o máis importante era o educativo: tense enviado material escolar, participouse en programas e viñeron estudantes de alí para desenvolver aquí os seus estudos. Precisamente Burela está colaborando con Cabo Verde, tanto nesa illa de Santiago como na de Sao Vicente, onde se fai a feira Expomar”.

Alfredo Llano engadiu que “onte Hermenio Fernandes estivo na Casa do Concello de Burela, pero tamén se reuniu con moitos caboverdianos que están aquí e que lle comentaron unha serie de temas, sobre todo referidos á atención administrativa. El tomou nota para transmitirlo ao seu presidente”.

Marcha a bo ritmo o panel informativo do Monte Castelo

Marcha a bo ritmo o panel informativo realizado polos artistas locais Belén Mogo e Martín Lestao na área recreativa de Monte Castelo.

Esta obra está creada con técnica misturada de mosaico en Gres Burela e baixo relevo, moi colorido e “que reflexa a zona en si e a cara labrega de Burela”, din os seus creadores.

O rexedor burelés explicou que “estamos a recuperar un cartel que había na área, que era informativo pero tamén unha expresión artística e foi derrubado por un vehículo que tropezou con el e desfíxoo practicamente na súa totalidade. Entón decidimos recuperalo e vai ser novo, pero tamén artístico e levará información do que se pode atopar no Monte Castelo”. Llano subliñou que “será unha obra bonita e que lle dá singularidade a toda esa zona”.

PARQUE ROSALÍA DE CASTRO. O



Concello, no seu afán de seguir a decorar os recunchos da vila, vén de encargarlle aos artistas bureleses Lestao e Mogo a decoración da fonte de pedra que está no centro do parque de Rosalía de Castro. Esta tarefa realizarase con motivos de Gres de Burela, que usan desde que fixeron o mosaico

do porto, e estará inspirado nas cenefas góticas que adornan a igrexa de Vila do Medio e tamén contará con catro composicións pintadas sobre cerámica mediante a técnica de terceiro fogo, que se empregará nos caños da fonte, e con mosaico roto o pirulo do corpo central.

EN BREVE

ENDURO. O Club Cerdeira Bikes, organizadores da carreira III Enduro Monte Castelo Burela comunicaron a nova data para a realización do seu evento que será os vindeiros 15 e 16 de abril. Jaime Seijas, presidente do club organizador, explica que “se trata dunha carreira de bicicletas na modalidade en enduro que se celebrapolo Monte Castelo de Burela e polas propias rúas do pobo”. Dita carreira forma parte da Copa Galicia polo que está dentro do calendario da Federación Galega de Ciclismo, e a previsión de participantes é como nas anteriores edicións duns 150 corredores.

MOSTRA. O venres 3 de marzo ás 19.30 horas terá lugar na casa da cultura a inauguración da exposición de pinturas mariñas do paseo marítimo de Burela de Jesús San José Arranz. A mostra poderá ser visitada ata o 24 de marzo en horario de 11.00 a 13.00 horas e de 18.00 a 21.00 horas de luns a venres e de 18.00 a 21.00 horas os sábados.

FIESTA MÁGICA. O musical, Fiesta Mágica, será representado na casa da cultura de Burela o luns 1 de maio ás 18.00 horas. Un divertido espectáculo musical baseado nun gran repertorio de cancións Disney cos mellores personaxes das películas. Entradas anticipadas xa á venda. Para os menores de 2 anos non é obrigatorio sacar entrada pero non teñen dereito a butaca.

Alumnado burelés participa en talleres de sensibilización e prevención da violencia



A Concellería de Muller e Igualdade e o Centro de Información ás Mulleres de Burela puxeron en marcha novas accións formativas no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Alumnado dos centros educativos de Burela participan durante este curso en dous talleres de sensibilización e prevención da violencia de xénero: Ben querer. Taller de educación afectivo sexual e Desconectarse da violencia: previndo a violencia no novo contexto dixital”.

O taller Ben querer. Taller de educación afectivo sexual levouse a cabo no primeiro trimestre do curso co alumnado de 1º da ESO dos centros educativos e tivo por obxectivo fomentar as relacións

sexo-afectivas igualitarias. Durante as sesións fomentouse o recoñecemento e respecto dos límites persoais propios e alleos e proporcionóuselle ao alumnado os recursos necesarios para manter relacións afectivo-sexuais saudables, sen riscos, e libres de violencias e comportamentos sexistas.

En febreiro, estívoise a impartir o taller Desconectarse da violencia: previndo a violencia no novo contexto dixital, co alumnado de 6º de educación primaria e de 1º da ESO. Trátase dun taller destinado a traballar o impacto das novas tecnoloxías no desenvolvemento de agresións machistas e de relacións de violencia de xénero entre a rapazada.

A praia do Portelo contará cunha rampla



A praia do Portelo contará proximamente cunha rampla para facilitar o acceso a este areal e tamén unha zona de descanso, así o anunciou o alcalde, Alfredo Llano, dentro das actuacións que Costas acometerá nas vindeiras semanas.

O rexedor contou que “de acordo con Costas do Estado vamos facer unha mellora substancial, vistosa e que vai chamar a atención porque vai ser moi singular na nosa praia do Portelo. Vanse facer unha serie de instalacións que espero que estean listas xa para que na Semana Santa poida ser empregada por todos os usuarios que se acheguen a esta praia”.

Llano explicou que “as melloras que se van facer consisten basicamente nunha rampla para facilitar que aquelas persoas que o necesiten poidan baixar nunha cadeira de rodas ou sinxelamente permitir a baixada á praia dunha maneira segura. Vaise preparar unha rampla con bos mate-

riais pois levará adoquíns, madeira e unha serie de elementos que van resaltar e dar unha vistividade grande á praia. Tamén se vai facer outra obra para crear unha zona de descanso, que servirá para mellorar a estética, a funcionalidade e a seguridade e será un lugar no que os usuarios poderán sentarse ou cambiarse de roupa, para facilitar aquelas dinámicas que se empregan nas praias”. O alcalde de Burela dixo que “con estas dúas actuacións queremos mellorar moito a rampla de baixada, empregando materiais moi duradeiros, o que contribuirá á estética e á funcionalidade da praia. Isto vai agrandar as posibilidades do areal do Portelo, que queremos que sexa un atractivo máis do noso concello porque pouco a pouco vaise consolidando como unha praia segura e bonita, que merece a pena visitar”. E engadiu: “vamos solicitar a bandeira azul para esta praia, igual que para A Marosa”.

Presentadas as actividades para conmemorar o 8M

A concelleira de Muller e Igualdade, Noelia Mª Ben, presentou as actividades organizadas para conmemorar o Día Internacional da Muller. A próxima semana haberá unha exposición, a iluminación da fachada da Casa do Concello de cor violeta, lectura de manifesto, unha charla e unha representación teatral.

A edil burelesa explicou que “o primeiro que fixemos foi iluminar de violeta a fachada da Casa do Concello. E o luns 6 foi inaugurada na Casa da Cultura a exposición dos traballos realizados por mulleres nos cursos de tempo libre. Esa mostra poderá visitarse ata o venres 10 en horario de 11 a 13 horas polas mañás e de 18 a 20 horas polas tardes. O martes ás 12 do mediodía no auditorio da Casa da Cultura teremos unha mesa redonda con mulleres da Garda Civil, que nos relatarán a súa experiencia profesional. Esta cita leva por título Ámbito rural, mulleres e Garda Civil, tres realidades con futuro”.



Noelia Mª Ben seguiu a relatar que “xa o propio 8 de marzo ás 12 do mediodía na praza do Concello teremos unha concentración e procederemos a ler o manifesto institucional. E o venres, día 10, ás nove da noite remataremos esta semana de actividades coa representación de Tabú a cargo de Tarabela Creativa, que contará con música en vivo de Nastasia Zürcher”.

Concepción Novo é a nova candidata do PP da Pontenova para as eleccións

Concepción Novo Mourelle é a nova candidata do PP da Pontenova para recuperar a Alcaldía nas vindeiras eleccións municipais. Novo, natural da Pontenova é técnica de raios de profesión e está vinculada a formación popular desde hai moitos anos. Desde a dirección provincial destacan que o PP aspira a recuperar a alcaldía nas vindeiras eleccións municipais dun concello no que “xa gobernamos”. Os populares aseguran que a nova candidatura devolverá a ilusión á veciñanza que vén de comprobar cómo de mermado quedou o seu concello despois de tantos anos do goberno socialista.

Pola súa banda, Novo trasladou os seus agradecementos á dirección provincial do partido e sinalou que “temos moita ilusión por ver mellorar o noso pobo e os servizos aos nosos veciños. Queremos contar con todos e traballar desde o respecto e a responsabilidade”. Neste sentido, a candidata asume o cargo adiantando que “imos abrir o partido porque todos facemos falta” e aboga por desenvolver certos sectores como a industria e o comercio “nos que antes era referencia o noso concello”

A Festa da Troita xa comezou cos preparativos para a súa 43 edición

A 43ª Festa da Troita do Concello da Pontenova, declarada de Interese Turístico Galego e de Interese Turístico Deportivo Nacional, xa comezou cos preparativos da cita deportiva que será os días 29 e 30 de abril e 1 de maio.

Polo momento están confirmando aos asistentes do evento como Xavier fortes, director e presentador do espacio 24 horas de TVE e que na pasada edición foi o pregoeiro, e Nacho Rojo, editor do canal, Canal y pesca, dous asiduos á Festa da troita da Pontenova.

Outros dos asistentes serán Antonio Pérez Henares, Chani, escritor, xornalista e tertuliano de televisión; Leonardo de la Fuente Prieto, outro ilustre do xornalismo; o director da revista Entre cañas, Francisco Fernández; Óscar e Sebas do programa de radio Río de la vida e Cesáreo Martín do programa de Onda Cero Linde y Ribera.

Tamén confirmaron a presenza de Petiscos Galegos, con Beatriz Sotelo á fronte, do director de Anove televisión, Carlos Alleres; do xornalista Enrique Aguado, representantes do xornal Trueiro; Miguel Piñeiro; Mar-



cos Ruíz Espin de radio Intereconomía; e Eduardo Fernández, director xeral de terabithia-press media de Madrid.

Por outra banda o CIT deu a coñecer que unha das troitas de ouro, deste ano será para a Feira do salmón de Cornellana de Asturias, “polo coidado das tradicións, pola posta en valor da pesca como dinamizador económico e pola defensa da biodiversidade dos ríos do principado”.

Dentro das actividades para menores e familias, o sábado 29 de abril haberá un concurso de lance de mosca e culleriña no Pozo da Ola ás 17.00 horas, despois un taller de xabón con aceite usado no local da sociedade, e máis tarde será a pre-

sentación do *Estudo sobre os salmónidos do Eo*, de Fernando Cobo.

PREMIOS DE PESCA. A Festa da Troita da Pontenova foi premiada como Mellor evento Deportivo España na II Gala Premios Pesca a Nivel Nacional, que organiza o programa Río de la Vida de Bom Radio.

O encargado de recoller este galardón foi Javier Rois, presidente do Centro de Iniciativas Turísticas ou CIT da Pontenova.

Nesta cita, que se celebrou no Espazo Multiusos de la Vega en Arroyo de la Encomienda, Valladolid, premiouse en diferentes ambitos á pesca deportiva.

O IES Enrique Muruais acollerá un encontro literario

O Ministerio de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral do Libro e Fomento da Lectura, pon en marcha unha nova edición do programa de actividades literarias en Institutos de Ensino Secundario, que permitirá o contacto directo dos autores e autoras co alumnado.

Este programa enmárcase no Plan de Fomento da Lectura 2021-2024 e ten máis de dúas décadas de existencia. Nesta edición, o Ministerio promove 18 actividades en Galicia catro delas en centros da provincia de Lugo. Nesta ocasión todos os encontros serán presenciais.

O obxectivo desta iniciativa é achegar aos mozos á lectura de calidade e, ao mesmo tempo, contribuir a difundir a obra e a actividade creadora dos nosos autores. Os alumnos teñen a oportunidade de coñecer de preto o traballo de narradores, poetas, dramaturgos, ilustradores ou tradutores, e estes, tomar o pulso dos intereses dos lectores e das lectoras máis novas.

Será no IES Enrique Muruais o día 5 de maio e estará a cargo de Leticia Costas.

trabada

Os socialistas elixen a Mayra García como candidata á Alcaldía

A Agrupación Socialista de Trabada escolleu por unanimidade en asamblea a Mayra García Bermúdez como candidata á Alcaldía do concello nas eleccións municipais. A alcaldesa opta á reelección “para dar continuidade ao proxecto que comezamos no ano 2015, un proxecto ambicioso, de moito traballo e xestión para lograr importantes investimentos que se traducen en mellorar a calidade de vida dos veciños e das veciñas de Trabada”.

“Nun mandato complicado pola pandemia, fumos capaces de xestionar fondos de todas as Administracións, pois en Concellos pequenos e con poucos medios económicos, é preciso esta colaboración. Algunhas máis sensibles ás necesidades do noso pobo como a Deputación ou o Goberno do Estado e outras non tanto, pero co traballo do equipo de goberno conseguimos financiación de todas, ás veces véndonos na obriga de estar ás doce da noite tramitando subvencións convocadas pola Xunta de Galicia”.

Rehabilitada a primeira planta da casa escola de Trabadela

O Concello rematou as obras de rehabilitación da primeira planta da casa escola de Trabadela, un inmoble de titularidade municipal.

O orzamento dos traballos de reforma superou os 40.000 euros e para esta actuación o Concello obtivo unha subvención de 25.937,48 euros do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), con fondos da Plan Estatal de Vivenda que o goberno central transfere ás comunidades autónomas.

O proxecto consistiu na remodelación da vivenda para dotala de mellores condicións de habitabilidade, mediante o redimensionado da zona de día composta por salón-comedor-cociña e do baño, mentres que se mantiveron os tres dormitorios existentes.



Grazas as reformas previstas, melloráronse as dimensións dos distintos espazos, dotándoos de maior funcionalidade e mellores condicións de accesibilidade. Tamén se reforzaron as condicións de habitabilidade da vivenda mediante a mellora do illamento das fachadas e a instalación dun sistema de calefacción.

A Deputación traballa na mellora da LU-P-6101

A Deputación traballa na mellora da estrada LU-P-6101, en Trabada cun investimento de preto de 176.000 euros. Os traballos nesta vía, que conecta o lugar de Trabadela coa Ría pola parroquia de Sante, comezaron a semana pasada coa limpeza das cunetas e contan cun prazo de execución de dous meses.

Concretamente, a actuación da institución provincial afecta a un treito comprendido entre o punto quilométrico 3,554 e o 7,556, e consiste na apertura de cunetas, a pavimentación do firme con aglomerado en quente e a sinalización horizontal mediante marcas reflexivas brancas.

Trátase dunha obra moi importante para o concello mariñán porque a vía dá servizo a varias parroquias e vertebra o norte do municipio, conectando a LU-P-6104 dende Trabada coa N-640; polo que é moi empregada pola veciñanza.

A mellora da mobilidade é unha das liñas estratéxicas da acción do



Goberno provincial, como queda demostrado nos Orzamentos. De feito, o investimento en estradas subiu un 30% no que vai de mandato, pasando dos 14,2M€ consignados no 2019 aos 18,3M€ deste ano para tarefas de mellora do firme, roza de maleza, conservación e mantemento da rede viaria provincial, a máis extensa de todo o Estado e tres veces maior ca da Xunta en Lugo.

O Concello cede unha parcela para a residencia de Aspanane

O Concello de Xove acolleu un Pleno extraordinario no que se aprobou a cesión gratuita dun terreo á Aspanane, a Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual, que actualmente se atopa en Viveiro.

Neste parcela de titularidade municipal e edificable, que está situada preto da entrada da urbanización de Palmeiro, o colectivo poderá construír a residencia pola que leva moito tempo pelexando e o alcalde, Demetrio Salgueiro, confía en que a principios do 2024 comecen as obras.

Este terreo conta cunha superficie de 6.390 metros cadrados, segundo informou Salgueiro, "moi preto sitúase Cogami, o centro de recursos para persoas con discapacidade, onde se fan numerosos cursos e actividades. Contan con zonas verdes e de esparcemento e ademais é soleada, e está a un quilómetro do centro urbano de Xove e moi preto do corredor que comunica con Viveiro, onde Aspanane ten o centro".

O Concello recibiu a solicitude de Aspanane fai arredor dun mes e o rexedor xovense comprometeuse a buscar un terreo e tratar de axilizar esa petición. Agora atópase en trámite de información pública a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente.

A sede de Aspanane está situada en



Viveiro e por iso o colectivo quería levantar a residencia neste municipio, pero a falta do PXOM fixo infructuosa esta xestión. Ademais, nun primeiro momento optouse pola opción de trasladar a Escola Oficial de Idiomas ao antigo colexio de Celeiro, pois se atopa na planta superior do centro de día, "esta xestión tardou máis do previsto, e despois Aspanane comprobou que o inmovible era pequeno e non cumpría coa nova Lei de Mobilidade", dixo a rexedora viveirense, María Loureiro.

Loureiro lamenta que finalmente Aspanane teña intención de facer a súa residencia en Xove e solicita á Xunta "que aprobe con urxencia o PXOM, xa que temos moitas limitacións para acoller proxectos deste tipo".

"Buscamos e baraxamos varios emprazamentos en Viveiro, pero temos

a limitación de non ter aprobado aínda o PXOM e non temos parcelas urbanas, como pode ter Xove, polo tanto non hai ningunha parcela para facer a residencia que se adapte ás súas necesidades", explica Loureiro.

"Ofrecímolles varias parcelas que temos pero ao ser de dominio público, unha cedida por Costas e outra do parque industrial, terían que ser para unha residencia pública, non poden ser para unha residencia de xestión privada, e por iso o Concello tivo esa dificultade", engade Loureiro. "O Concello vai seguir colaborando con Aspanane, para nós e prioritario e, de feito, agora imos facer unha obra, por un importe de 50.000 euros a través dun convenio da Deputación, nas instalacións que teñen cedidas", remata Loureiro.

Detectado un novo caso de gripe aviaria nunha gaiyota

A Consellería do Medio Rural vén de comunicar a detección dun exemplar de gaiyota afectado por influenza aviaria de alta patoxenicidade (IAAP), confirmado polo Laboratorio Central de Veterinaria de Algete (Madrid). Trátase dun exemplar de gaiyota patiamarela que foi achada morta en Morás. Foi trasladada ao Centro de Recuperación de Fauna Silvestre do Veral e mostrexada para a análise laboratorial, eliminándose posteriormente o cadáver conforme á normativa vixente. Con este novo caso son xa 30 o total de focos notificados en Galicia, todos en aves silvestres (mascatos e gaiyotas), desde o primeiro caso detectado en agosto 2022.

Lémbrese que o virus circulante non ten capacidade significativa de infección nas persoas, aínda que por un principio de bioseguridade básica, recoméndase non manipular aves atopadas enfermas ou mortas e notificar o feito aos servizos veterinarios oficiais.

Xove celebrará o Día Internacional da Muller con actividades durante marzo

O Concello de Xove celebrará o Día Internacional da Muller con actividades durante o mes de marzo. Así, o xoves 9 ás 12.30 horas haberá unha concentración na praza do Concello na que se fará a lectura do manifesto.

Ademais desta manifestación, o alumnado do IES Illa de Sarón farán unha solta de globos. Xa o domingo 12 ás 17.30 horas realizarase a tradicional chocolatada no salón de actos que será unha homenaxe as mulleres do Club de Bolos.

O martes 14 ás 10.30 horas haberá unha obra de teatro pola igualdade dirixida a nenos de 2 a 5 anos. Nesta ocasión representárase A Gran Pequena Inventora, e esta será no salón de actos.



Por último, o venres 24 ás 19.30 horas, haberá unha charla sobre saúde en feminino na que se falará sobre o solo pelviano. Estará impartido pola matrona María González Cociña.



A oficina de información xuvenil quiere crear un grupo de participación municipal

A Oficina Municipal de Información Xuvenil, OMIX, do Concello de Xove informou de que queren crear un grupo de participación xuvenil a nivel municipal.

Así, están a solicitar a colaboración das familias do municipio para animar aos rapaces a participar nesta iniciativa. Todas as persoas interesadas poden chamar ao teléfono 982 571 816 ou pasar pola OMIX para anotarse e máis información.

A Oficina de Información Xu-

venil é un servizo público e gratuito que o Concello de Xove pon a disposición da xuventude; empezou co obxectivo de dotar ós xóvenes dun servizo capaz de responder a diversos temas como o seu tempo libre, estudos, emprego, bolsas, cursos, idiomas, etc. e dar resposta á mocidade, tanto de información como de asesoramento, tramitación de carné xove (Euro<30) e organización de actividades dirixidas e orientadas á xuventude.

Aberta a inscrición da ruta equina de A Medela de Xove

A asociación equina A Medela de Xove presentou o cartel da XXIV Ruta Cabalar que se celebrará o domingo 19 de marzo de 2023. A xornada comezará ás 10.00 horas con saída dende o campo da igrexa de Sumoas para admirar as paisaxes de Xove.

Máis tarde e no medio da ruta haberá uns pinchos para os participantes, ao que seguirá un xantar popular nunha carpa instalada no campo da igrexa. Estará servido por Pulpería Mario e manizado por un grupo musical aínda por confirmar. Tamén ha-



berá sorteo de agasallos.

Para anotarse compre chamar antes do 16 de marzo a 637 562 351, 690 861 415, 629 810 710 ou 616 631 495.

Remanentes do Plan Único destínanse á mellora de vías

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou no Pleno celebrado a finais de febreiro unha solicitude por parte do Concello de Xove de destinar remanentes do Plan Único 2022 para a mellora de varias vías.

Neste caso, o importe é de case 20.000 euros e con el acondicionáronse diferentes vieiros, entre eles os de acceso aos lugares de Prada, Illade e Barxa, nas parroquias de Lago e Xuances.

Xove, un referente municipal

Un pequeno concello que traballa para a mellora dos seus servizos, infraestruturas e a calidade de vida veciñal

Xove contará este ano co parque deportivo e de ocio infantil e xuvenil máis completo de Galicia. Así o indicaron dende o Concello e informaron que “se se cumpren as previsións, a principios desta primavera comezarase a construción”.

O futuro parque situarase nunha parcela que antigamente estaba destinada a usos agrícolas e o proxecto arrancará no 2023 cun orzamento que superará os 820.000 euros.

Este parque estará situado na contorna da avenida da Deputación que actualmente é unha zona forestal e pradaría. Serán 9.014 metros cadrados divididos en 2.205 de zona verde, 1.378 de accesos como sendas e beirarrúas, 1.462 de zonas viais e aparcadoiros, e 3.969 metros cadrados de zonas lúdicas como os circuítos de skatepark, pump-track ou calistenia.

O espazo contará cunha zona de aparcadoiro con estacionamento dotada de todos os servizos precisos para autocaravanas, un skatepark con forma de bowl aberto

enfocado ao uso de patíns, scooters, skate e bmx e con zona de street; e un pumptrack enfocado tanto as bicicletas como a skates, patíns e scooters cun nivel experto pero accesible a todos.

Tamén haberá un circuítos de iniciación cun pequeno pumptrack para os máis novatos e nenos, un circuítos de descenso con divertidos obstáculos de madeira, rampas, pasarelas, etc. Un circuítos de calistenia con 10 estacións de adestramentos diferentes e todos os elementos esenciais como as barras de dominadas.

Haberá tamén unha zona de lavado e reparación de bicicletas ou patíns na contorna da edificación, unha ampla zona verde e camiños de comunicación entre as diferentes zonas con árbores autóctonas e zonas de lecer con mesas.

Ademais, inclúe a construción de aseos feminino, masculino e para persoas con discapacidade, así como unha zona de almacén ou para aloxar os servizos e instalacións precisas para o desenvolvemento de todas as actividades do conxunto do parque.



ESTRADAS

O Concello segue coa firme aposta de mellorar as infraestruturas no tocante ás vías de comunicación. Por iso neste último ano acondicionou a vía da praia de Portocelo a Vilalpol. Esta obra partiu dun convenio de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Xove para realización de obras de infraestrutura rural. Esta actuación permite uns mellores e máis cómodos accesos á praia de Portocelo e tamén ao núcleo de Vilalpol. Esta obra partiu dun convenio de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Xove para realización de obras de infraestrutura rural. Esta actuación permite uns mellores e máis cómodos accesos á praia de Portocelo e tamén ao núcleo de Vilalpol, acurtando as distancias con respecto á estrada que une os dous núcleos.

Así mesmo, investiuse na mellora da vía a Canelas e Portocelo. Grazas a esta actuación pasou a ter 5 metros de ancho, fronte aos 3 metros iniciais, dotando tamén o vial con algunhas zonas de sobreaño.

Por outra banda, tamén se fixo unha mellora de viais de accesos aos núcleos de Prada e Illade, na parroquia de Xuances, e na Barxa, na parroquia de Lago.

Así, na vía de Prada á praia de Esteiro, acondicionáronse uns 1.609 metros e un ramal de 330 metros de estrada cun ancho variable entre 3,70 e 4 metros.

No de acceso a Illade foron 946 metros e ramais de 629 + 500 metros, o que supón 2.075 metros cun ancho variable entre 3 e 4,7. E no da Barxa á praia de Lago foron 979 metros cun ancho variable entre 4,50 e 11 metros.

En total, foron case 5 quilómetros de viais aos cales primeiro se lles realizou unha limpeza, para pasar posteriormente a darlle unha capa de asfaltado en quente, rematando a actuación coa completa sinalización horizontal e vertical da estrada.

SENDA PEONIL

A vila tamén conta cunha senda peonil na estrada autonómica LU-862, que da continuidade ás beirarrúas dá localidade na saída cara a Cervo. Esta senda ten unha lonxitude de 230 metros e 1,80 metros de ancho, e desenvólvese entre os puntos quilométricos 96+220 e 96+450 pola marxe dereita da vía.

Previamente, foi preciso demoler o pavimento existente e executar as beiravías, canalizar un tubo de drenaxe e executar pozos de rexistro con sumidoiro para a recollida de augas pluviais. Dende o Concello lembraron que este tipo de actuacións fomentan a mobilidade sostible e melloran a seguridade dos peóns, “que son os usuarios máis vulnerables nas estradas”.

Modernización do parque móbil

O Concello presentou a finais do 2022 o novo tractor que adquiriu para o Servizo Municipal de Obras. O Concello contaba para o servizo de desbrozamento e limpeza viaria cun antigo John Deere de máis de 20 anos que ultimamente se avariaba regularmente, de aí a necesidade de cambialo por un novo, co fin de que este importante servizo non se resentise.

Tamén adquiriu un novo vehículo de recollida de lixo, un servizo do cal se encarga a Empresa Urbaser. Esta incorporación forma parte do contrato que ten Urbaser co Concello de Xove, e vai permitir mellorar a eficiencia da recollida de lixo no Concello.

Por outra banda, contan cunha nova varredora para o servizo municipal de limpeza viaria.



Ademais contan cun novo vehículo biotriturador de residuos que vai formar parte dos servizos de mantemento viario e de parques e xardíns do Concello. Esta máquina, primeira deste tipo que ten o Concello, vaise usar para triturar restos de podas, troncos de ata 20 cm. de diámetro, etc. Estes restos triturados poderían usarse como

abono, ou ben quedar no mesmo sitio xa que son biodegradables.

Sen dúbida, unha moi boa noticia para os Servizos Municipais de Mantemento Viario e de Parques e Xardíns, que contan con este tipo de potentes ferramentas que lles facilitan unha ampla mellora destes servizos prestados aos cidadáns.

Medio ambiente

O Goberno local está comprometido co medio ambiente e por iso ofrece composteiros para a veciñanza en colaboración con Sogama e desde o 2012.

Deste xeito, os veciños poderán fabricar nas súas casas o seu propio compós, un fertilizante natural con excelentes propiedades para o terreo dada a súa condición de produto natural, sen compostos químicos e libre de patóxenos; tamén actúa en moitos casos como bactericida e funxicida. Ademais, ao ser un produto rico en nutrientes, convértese nun excelente abono.

“Con estes composteiros contribuímos á redución de tanto volume de residuos producidos, e tamén a eliminar ou, polo menos, minimizar todo o posible o

uso excesivo de fertilizantes químicos”, di Salgueiro.

O Concello tamén fixo melloras ambientais e operacionais na EDAR do parque empresarial de Camba.

Esta obra de mellora tivo un triplo vertente. Por unha banda, fíxose a renovación dos equipos de aireación dos reactores biolóxicos existentes, así como a instalación dun sistema integral de automatización e control.

E, por outra, rehabilitouse a contorna e os elementos de peche da EDAR, así como a urbanización que rodea as instalacións.

Esta importante obra, que vai mellorar moito a eficiencia da depuradora existente, foi realizada pola empresa Hicogal Tecnologías S.L.

“O orzamento orientámolo cara á mellora dos servizos sociais”

De novo Xove foi un dos primeiros concellos da comarca en ter listo o orzamento de 2023. Estes sete millóns de euros permitirán seguir financiando a entidades e clubs, ademais de apoiar a parte social, con subvencións de axuda ao estudo e ao emprego local.

Año tras ano son un exemplo de Concello implicado cos servizos sociais. Como se consegue?

Con moito traballo e pensando na veciñanza. Somos un Concello referente neste ámbito, xa que asignamos unha parte moi importante dos orzamentos a eles e procuramos orientalo cara á mellora dos nosos servizos sociais.

Cales son os tipos de axudas?

Asignamos preto dun millón e medio de euros para todos estes servizos, e nos que destacan 550.000 euros para a modalidade de dependencia do Servizo de Axuda no Fogar e 200.000 euros para o SAF básico. Tamén dentro destes servizos sociais están as axudas á emerxencia social como son os casos de extrema necesidade. Por outra banda hai 65.000 euros para o Plan de Emprego Municipal co que axudamos aos mozos a atopar un posto de traballo. Neste plan, calquera empresa xovense que queira solicitar traballadores, estes recibirán unha axuda anual de 2.100 euros se é muller e 1.800 home. Ademais, esta axuda dura 3 anos sempre e cando se manteña a contratación. Son axudas importantes que posibilitan que moitos mozos atopen o seu primeiro emprego e que despois sigan traballando na mesma empresa que lles deu unha oportunidade. Tamén temos axudas para os traballadores que queiran darse de alta como autónomos e crear o seu propio posto de traballo.

Tamén hai axudas para estudantes?

Si, nesta ocasión son 59.000 euros para bolsa e axudas ao estudo nas súas diferentes mo-



dalidades. Con elas queremos axudar aos estudantes universitarios e do CEIP no seu día a día na mobilidade, no transporte, no comedor, etc. E ademais son compatibles con outras axudas. A nosa idea é que ninguén se quede sen estudar por ter poucos recursos.

“Hai que apoialos e agradecerlles o seu inmenso labor, que fan de forma totalmente desinteresada, xa que grazas a eles a vila conta cun amplo abano de actividades lúdicas e culturais durante todo o ano”

E contan con outro tipo de achegas?

Por outra banda, destinamos unha importante cantidade ás asociacións do Concello, clubs deportivos e comisións de festas, pois eles son axentes mobilizadores das actividades e da vida nas parroquias. Hai que apoialos e agradecerlles o seu inmenso labor e que fan de forma totalmente desinteresada, xa que grazas a eles a vila conta cun amplo abano de actividades lúdicas e culturais durante todo o ano.

Que proxectos hai a curto prazo?

Entre outros, hai tres de moita importancia para o Concello e que son, o futuro porto depor-

tivo de Moras, a ampliación do polígono industrial e a mellora das estradas provinciais.

Que falta en Morás?

Pois agora mesmo estase facendo unha modificación do proxecto de impacto ambiental, para que Costas de o permiso para a obra. Así que a nosa previsión é que nos vindeiros meses chegue esta confirmación para licitar e comezar. Ver esa infraestrutura feita sería unha posta en valor da zona pois é algo no que levamos loitando moito tempo.

E no polígono?

Aquí estamos tramitando unha necesaria ampliación do polígono industrial xa que non quedan terreos para o asentamento de empresas. E Xestur xa está a facer os estudos para a ampliación, a adquisición de terreos.

E no relativo ás estradas?

Dende o Concello seguimos na mellora das infraestruturas de comunicación da rede viaria de Xove, pero temos algún problema nas vías provinciais que pertencen á Deputación, pois nós non podemos actuar nelas pois non son municipais, pero ofrecémoslles a colaboración económica do 50% do gasto. Esta é unha necesidade de todos os veciños.

Coa veciñanza máis pequena



AXUDAS

O Goberno local ofrece todos os anos un amplo abano de bolsas e axudas ao estudo, concedidas e financiadas integramente polo Concello. Estas bolsas e axudas ao estudo reguladas nas presentes bases teñen por obxecto atender a sufragar os gastos derivados do aloxamento, comedor e transporte. O número total de axudas concedidas este ano ascendeu a 74, sendo o gasto total a 26.737,90 euros.

Como todos os anos, as bolsas diferéncianse en varias modalidades, estudos universitarios na que se concederon un total de 12.172,10 euros; ciclos formativos que non existan na comarca, no que se concedeu un total de 4.105,80 euros; para alumnos con discapacidade, cuxa contía ascendeu a 4.500,00 euros; para compra de material

cun total de 5.460 euros. E por último unha axuda concedida para a modalidade de máster, que ascendeu a 500 euros.

CONCILIA

Xove conta con programas de verán para favorecer a conciliación familiar da veciñanza. O Xove Concilia Verán e o Mañás Activas, nos que participan un alto número de nenos.

Durante este período lúdico os nenos participan en diferentes actividades, como manualidades, xogos tradicionais, pintura, contacontos, saídas polo Concello, etc. e tamén con actividades especiais como o espectáculo de circo e clown pola igualdade de xénero.

Con estes programas búscase que teñan alternativas ás novas tecnoloxías e así practicar deportes ou xogos de mesa ao aire libre.

Visibilidade e transparencia



Xove foi o cuarto municipio e primeiro na provincia que dispuxo dun Xeoportal de datos. Esta importante ferramenta, “que vai ser utilísima para todos os nosos veciños e para todas aquelas persoas que estean interesadas no noso Concello”, di Salgueiro. O Xeoportal ofrece un servizo de visualización e consulta urbanística por parcela catastral do, PXOM, e tamén ofrece a consulta dos bens inventariados

no inventario de bens e dereitos municipais.

Facilita o acceso á información e a consulta urbanística mediante a busca por referencia catastral ou dirección, ofrecendo a versatilidade de poder realizar as consultas dende calquera dispositivo e a activación da xeolocalización en dispositivos móbiles con GPS e consultar así dende calquera punto do territorio a planificación urbanística.

O PP denuncia a falta de conservación das instalacións deportivas



O PP de Ribadeo denuncia a falta de traballo e de compromiso por parte do goberno do BNG na conservación das instalacións deportivas. O coordinador de deportes do grupo municipal popular, Tito Suárez explica que “quedaron sorprendidos polo estado de abandono do polideportivo municipal da rúa Alfredo Deaño, e podemos ver a promesa incumplida deste Goberno do BNG de arranxar o campo de Outeiro na Devesa”. Suárez engade “vergoña é a que tiñan que sentir este Goberno do BNG ao ver este sen sentido no que se atopa as obras do campo e todo por no ter unha seriedade e compromiso coas entidades deportivas. Da a sensación que o fan a mala fe, prometen unha obra e agora non a van a face, o que demostra unha enquina co FC Ribadeo”. Neste sentido, o coordinador resalta que en plena tempada de competición o equipo necesita dun campo en condicións para poder mellorar as súas aptitudes físicas e técnicas.

PIRAGÜISMO. Tamén piden explica-

cións sobre “cando teñen pensado acometer as actuacións prometidas no local que emprega o club de piragüismo”. O popular pregunta, nese sentido, “por que o Goberno do BNG non deixa que as propias entidades deportivas cubran as súas necesidades cando piden axudas a outra administración”.

FALTA DE XESTIÓN. Os populares poñen de manifesto numerosas deficiencias nas rúas. Dani Vega dixo que “na rúa Virxe do Camiño hai un problema que se arrastra dende hai anos: beirarrúas totalmente abandonadas e rampas con moito perigo. As persoas con mobilidade reducida non poden pasar por alí. Isto trae moitos problemas a moitos veciños. Igual que a falta de visibilidade que hai na rúa Rafael Fernández Cardoso, pola mala situación dos contedores e polo mal deseño dun paso de peóns moi pegado a unha curva. Hai risco de accidente. Tamén hai un problema, que tampouco é de agora, que é a falta de xestión para novos aparcadoiros. O que temos en Ribadeo son lameiros”.

Pablo Vizoso será o alcaldable do BNG para as eleccións

Pablo Vizoso foi presentado como futuro alcalde de Ribadeo liderando unha candidatura do BNG reforzada, “que combina experiencia e renovación, e que permitirá ao concello seguir na senda de progreso e de futuro”, dixo a portavoz nacional, Ana Pontón. “Pablo será un extraordinario alcalde porque ten experiencia, porque é unha unha persoa seria, rigorosa, na que confiar; os veciños e as veciñas saben que terán no seu próximo alcalde unha persoa resolutiva, próxima, coa que poder falar, dialogante. A veciñanza sabe que vai poder contar co seu

alcalde, que estará ao seu carón buscando e aportando solucións”, resaltou. Con Vizoso como alcalde, “Ribadeo seguirá avanzando e mellorando, cun equipo reforzado que combina experiencia e renovación. Aí estará Mónica Freire, e Vicente Castro”, destacou a líder nacionalista. “Queda moito, moito porvir para este concello da man dun BNG con máis ganas que nunca, con forzas renovadas para un gran obxectivo: que Ribadeo siga avanzando, que siga sendo o gran referente da Mariña é un dos grandes concellos de Galicia”, proclamou.

Licitadas as obras de mellora da rúa Rodríguez Murias, de Rinlo

O Concello de Ribadeo ven de licitar as obras de mellora da rúa Rodríguez Murias, en Rinlo. O investimento ascende a case 50.000 euros e o prazo de execución será de dous meses, segundo anunciou o concelleiro de Economía, Pablo Visoso. O edil explicou que “este proxecto contempla a mellora do pavimento que se atopa en mal estado. Vai ser arranxado con aglomerado en quente, vaise actuar tamén na rede de abastecemento e saneamento, humanizarse a zona retirando as árbores que se atopan en mal estado de conservación para posteriormente plantar outras 6 novas. E dotarase a toda zona de bancos e cubrecontenedores, acondicionando unha

soleira de formigón desactivado nas beirarrúas que estarán ao mesmo nivel que o aglomerado de capa rodadura, e separadas deste por rigolas prefabricadas”.

LUZ POZO GARZA. Tamén foron licitadas as obras de mellora na rúa Luz Pozo Garza e nun treito de Virxe do Camiño por un importe de 198.772,76 euros. A concelleira de Obras indicou que “o proxecto contempla a renovación do pavimento das beirarrúas e a capa de aglomerado de toda a calzada da rúa, complementando novas tubaxes de abastecemento de auga e nova canalización de saneamento cunha nova rede de alumeados xa fixada con criterios de led. Na rúa Virxe do Camiño, fronte ao Xar-


dín de Indianos, vaise substituír o pavimento existente dunha beirarrúa, que está absolutamente deteriorado e é moi perigoso, e vaise renovar tamén as luminarias existentes e o sistema de alumeados, que se atopa fóra de servizo desde hai anos. Na marxe contra a capela da Virxe do Camiño substituiremos e ampliaremos as beirarrúas existentes, coa colocación dunha nova sinalética vertical e horizontal”.

ANZAS. O Concello acondicionará o acceso ao campo da festa das Anzas, na parroquia de Covelas, para o fin común de mellora dos equipamentos municipais no medio rural. O orzamento total ascende a 10.820,91 euros.

Excrementos de pomba derruban un falso teito do centro de saúde

Desprendeuse un falso teito no centro de saúde de Ribadeo ocasionado pola grande acumulación de excrementos de pomba. O Concello púxose a disposición da Consellería de Sanidade.

O alcalde, Fernando Suárez, comentou que “con grande alarma acudimos a ver que pasaba e finalmente temos que dicir que non é para tanto. É significativo e curioso”. Suárez Barcia explicou que



“enviamos a persoal de Obras e de Medio Ambiente para que retiren con coidado todo ese excremento, que supoño que servirá de abono para os parques”.

PSOE. Os socialistas amosaron a súa “preocupación”, e dixeron que os problemas sanitarios que padece a veciñanza, “van en aumento, xa que esta incidencia no centro xa leva anos sucedendo”.

vegadeo

Aberto o prazo de candidaturas ao premio Vegadense do Ano

Os Amigos de Vegadeo e o seu Concello veñen de informar quexa se poden presentar as solicitudes ao premio Vegadense do Ano. O prazo de inscrición estará aberta ata o 31 de marzo. Para mandar as propostas haberá que escribir un correo electrónico a amigosdevegadeo@gmail.com e haberá que cubrir os datos sobre o candidato, o motivo da súa proposta e o seu currículo. O premio do ano 2022 foi para Alberto González, nado en Vegadeo en 1981, é nadador de rescate e forma parte da tripulación do he-

licóptero de Salvamento Marítimo Helimer Cantábrico, con base no porto do Musel, en Xixón. Desde 2017 exerce tamén como instrutor e asesor en diferentes cursos impartidos polo Centro de seguridade e formación marítima Jovellanos. Por outra banda, iniciouse no remo no Club Remeiros do Eo en 1995, con só 14 anos, e estudou Educación Física compaxinándoa co remo de traineiras co Club de regatas de Perillo, que competía na liga galega.

‘As mulleres da miña vida’ súmase a homenaxear o 8M

A Concellería de Igualdade do Concello de Vegadeo convida a toda a comunidade a participar na marcha programada para o 8 de marzo. Ademais, preparan As mulleres da miña vida, un proxecto expositivo e temporal, sobre as mulleres que forman parte da historia, que defenderon e defenden activamente os seus dereitos e os de todas as mulleres. Todo o traballo realizado polos nenos durante o mes de marzo será exposto nas instalacións de Mercaza para que poida ser visitado por todos veciños.

Os pasos de peóns súmanse ao Día Internacional da Muller

Os pasos de peóns de Ribadeo súmanse ao Día Internacional da muller. Para iso, a concelleira de Igualdade, Mónica Freire, anuncia que están a ser pintados estes días en varios pasos de peóns os nomes de 38 mulleres pioneiras en diferentes ámbitos co obxecto de visibilizar o traballo na historia, moitas veces esquecido, das mulleres e reivindicar a igualdade.

Mónica Freire subliña que “con esta iniciativa queremos dar visibilidade a unha selección de 38 mulleres que destacaron en diferentes ámbitos, desde a ciencia ou a pintura ata a loita pola igualdade de dereitos, e que representan ás moitas mulleres esquecidas ao longo da historia”.

A edil ribadense explica que “xunto ao nome de cada unha das protagonistas aparece unha breve resumo biográfico para que a cidadanía coñeza a relevancia que

estas mulleres tiveron na nosa historia polas súas iniciativas pioneiras nos seus respectivos campos”. Freire Rancaño engade que “impulsamos esta acción de concienciación para visibilizar que, ELAS, non se deixaron amedrentar, abriron camiño rompendo con estereotipos e conseguiron destacar, a pesar das trabas impostas pola sociedade”.

PROGRAMACIÓN. O 11 de marzo ás 20.00 horas no Auditorio Municipal Hernán Naval, Leilía traerán as súas *Vidas Cantadas* a Ribadeo, un concerto moi especial. Despois de máis de 30 anos sobre os escenarios as pioneiras Leilía están inmersas na súa xira de despedida. A entrada xeral terá un prezo de 10 euros e para persoas desempregadas, estudantes ou xubiladas será de 5 euros. Ao día seguinte, o 12 de marzo, Trinke Trinke Teatro representará O ratiño



presumido ás 17.30 horas na Biblioteca Municipal O Vello Pancho. Trátase dunha versión adaptada do conto popular que aborda o tema da igualdade de xénero para romper cos estereotipos. A entrada será de balde ata completar a capacidade do espazo.

A partir do 18 de marzo de 11 a 13.30 horas na Casa do Viejo Pancho ofrecerase un obradoiro de biodanza para mulleres Movéndonos cara o botrato, que será impartido por Mari Fidalgo, psicóloga e facilitadora autorizada de Biodanza SRT. Esta actividade ten unha frecuencia quincenal con 4 sesións en total, os días 1, 15 e 29 de abril ademais do 18 de marzo. As prazas son limitadas e adxudicaranse por orde de inscrición que poderá



faceirse nas Oficinas do CIM ou no teléfono 982 120 739 ata o 10 de marzo. As clases son gratuítas.

Dani Vega é o candidato do Partido Popular á Alcaldía

O popular Dani Vega “é o alcaldeable que Ribadeo precisa, porque ten ideas novas e sobre todo porque ten a capacidade de centrar todos os seus esforzos en ver que hai que facer para mellorar e ten demostrado que sabe como conseguilo”, dixeron na súa presentación como candidato.

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, definiu a Dani Vega como unha persoa leal, digna de confianza, animosa e insistente á hora de conseguir os seus obxectivos. “Non hai persoa que fale máis de Ribadeo que Dani Vega e iso é precisamente o que ten que facer

calquera persoa que aspire a ser alcalde do seu concello. Non hai que ter medo a ser insistente e persistente, porque o que a cidadanía demanda son dirixentes prácticos que non perdan o tempo en poñer excusas”, sinalou.

Acto seguido remarcou que non é sinxelo atopar ese aire fresco e esa insistencia en política, sobre todo á hora de aspirar a ser alcalde dun pobo tan importante como Ribadeo. O líder dos populares concluíu afirmando que ver a Dani Vega como alcalde de Ribadeo será unha das súas maiores satisfaccións persoais.



ESTEREOTIPOS. InGalicia presentou o proxecto EUqualizer ao alumnado de bacharelato do IES Ribadeo Dionisio Gamallo e ten como obxectivo favorecer e fomentar o espírito da integración entre os mozos, e atallar o problema dos estereotipos.

Ribadeo acollerá o 1º Concurso PuzzLEO

Ribadeo acollerá o 1º Concurso PuzzLEO RibadEO para colocar ao pobo no mapa puzzlero desta afición. A cita terá lugar o domingo 26 de marzo de 2023 ás 11.30 horas no pavillón municipal de Deportes de Ribadeo.

O evento está organizado por AEPUIZZ e a Asociación Cultural A Ronqueta co apoio do Concello de Ribadeo e colaboradores como O Ferrado Marelo, Doctor Panush, Bis a Bis e Trece Decoración y Eventos.

A modalidade escollida é a de parellas: todas as parellas participantes montarán simultaneamente un puzzle de 500 pezas, igual para todas, sendo a gañadora a parella máis rápida. Dispoñen dun tempo máximo de dúas horas. As prazas están limitadas a 50 parellas.

As inscricións deben realizarse a través da páxina web de AEPUIZZ www.aepuizz.es e o custo da inscrición é de 18 euros por parella, aplicándose un desconto de 5€ por persoa para ribadenses ou socios e socias de AEPUIZZ. Haberá premios e trofeos para as tres primeiras parellas e para a mellor parella local.

Toda a información sobre as bases



do concurso pode consultarse na mesma páxina web de AEPUIZZ. No correo electrónico puzzleoribadeo@gmail.com resolverase calquera dúbida ao respecto.

En Ribadeo, e no resto da Mariña, son varias as persoas afeccionadas aos puzzles e que forman parte da Asociación Española de Puzzles AEPUIZZ.

No ano 2020 a pandemia obrigou a cancelar este mesmo evento, polo que era necesario convocar de novo este concurso para colocar a Ribadeo no mapa puzzlero desta afición que, precisamente a pandemia, fixo que se extendera cada vez a máis persoas e fogares.

BREVES

ROZADORA. A Deputación colaborará co Concello na mellora dos medios para limpeza e roza de pistas e parcelas de titularidade municipal. A institución provincial financiará a compra dunha rozadora de brazo articulado para os tractores que realizan estas tarefas de mantemento destas infraestruturas, fundamentais para a mobilidade e o desenvolvemento de actividades agrogandeiras e forestais nas distintas parroquias. A deputada Mónica Freire lembrou que “a limpeza das vías e parcelas municipais supón un importante esforzo para os concellos, tanto en persoal como en medios, polo que desde tratamos de apoiar os investimentos necesarios para que estes traballos se fagan da forma máis eficiente e áxil posible, pola seguridade da circulación e como labor preventiva fronte aos incendios forestais”. Medio Rural destina 40.000 euros a esta colaboración, que só nas parroquias rurais conta con máis de 180 quilómetros de vías e camiños.

POLICÍAS. Ribadeo contará cun novo policía local o vindeiro mes de xuño, segundo deu a coñecer hoxe o alcalde, Fernando Suárez. O rexedor explicou que “Alberto Prieto Pardol pasará a formar parte da Policía Local de Ribadeo, en prácticas. Agora ten que ir á Academia Galega de Seguridade completar os cursos obrigatorio de formación. Contamos que se incorpore o 24 de xuño prestar os seus servizos na nosa vila”. Suárez Barcia engadiu que “deste xeito cubrimos a praza dun profesional que se xubilou nos últimos meses”.

ILLA PANCHÁ. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) rexeitou o recurso interposto por Eirobra, titular da concesión para a explotación do establecemento hostaleiro do faro de Illa Pancha, no que reclamaba 138.888 euros ao Concello como indemnización polos danos e prexuízos que asegura que lle foron ocasionados polas resolucións da entidade local que, desde o día 5 de maio ata o 11 de decembro de 2017, lle denegaron a autorización para exercer a actividade empresarial. A Sala tamén declarou procedentes as resolucións en base ás cales se impuxo “o respecto ao acceso á illa”. Ademais, o TSXG salienta que non se apreciou irregularidade, pero “si un inicio da actividade cando non procedía”. O tribunal explica que o fundamento da reclamación se atopa “no tempo en que a empresa se viu obrigada a pechar as instalacións como consecuencia da imposición de condicións engadidas á licenza, a ineficacia de dúas comunicacións previas presentadas, así como do consecuente precinto por incumprimento da correspondente orde”.

VIA Alfoz critica a xestión das rutas de sendeirismo

VIA Alfoz critica a xestión das rutas de sendeirismo por parte do Goberno municipal pola falta de mantemento tanto no que se refire á limpeza, como á sinalización e a reparación de elementos deteriorados. Desde VIA Alfoz denuncian “a desaparición de paneis informativos, sinais e balizas, de forma que, nalgúns puntos, as indicacións son escasas e confusas para os usuarios”, e recordan que a sinalización desaparecida, por vandalismo ou pola retirada de indicativos, “nunca se repón” e a existente “móvese ao antollo do Goberno”.

Juanjo Fraga é o candidato do PP para as vindeiras eleccións

O enxeñeiro agrícola Juanjo Fraga foi presentado como o novo candidato do PP de Alfoz para recuperar a Alcaldía nas vindeiras eleccións municipais. Fraga é coñecido pola súa faceta de empresario, propietario e administrador de varias empresas relacionadas co sector agrícola-gandeiro, das cales tres delas están afincadas en Alfoz.

O candidato encabeza a lista popular “con moita ilusión e compromiso” e co obxectivo de facer un proxecto de futuro para reconducir a xestión do concello que nos últimos anos perdeu moitos servizos ante a incompetencia do goberno local.

O Concello programa un curso de primeiros auxilios e un sobre castiñeiros



O Concello programa para os días 12 e 26 de marzo un curso de primeiros auxilios prático e o teórico. Estas citas serán en horario de 17.30 a 19.30 horas. O do domingo 12 será na escola de Baco e a do 26 na do Chao, O Pereiro. Estarán impartidos por persoal sanitario e serán totalmente de balde. Están abertos a todas as persoas interesadas en aprender técnicas que poden salvar vidas, recoñecer os síntomas dun ictus ou dun infarto, facer a reanimación cardiopulmonar, cómo actuar nun atagantamento ou ante unha hemorragia. Para inscribirse só hai que chamar ao 982 558 001 ou pasar polo Concello.

CASTIÑEIRO. A Reserva da Biosfera Terras de Miño da Deputación levará a cabo unhas Xornadas sobre



castiñeiro de froito os días 18 e 25 de marzo. O horario será de 10.00 a 14.00 horas ambos días e o lugar de realización o salón de actos da casa da cultura e estará impartida por Pablo Antonio Fraga Gontán, enxeñeiro técnico agrícola.

A primeira xornada, o sábado 18 de marzo, será teórica e incluír toda a información sobre a época de plantación, a preparación do terreo, os coidados, as pragas e enfermidades ou o mercado do sector da castaña.

A segunda xornada, o 25 de marzo, será de práctica de poda de castiñeiros. Á mesma hora e con saída desde a casa da cultura cara Lagoa, onde se realizará a poda.

Para participar será necesario a inscrición previa. Dende o Concello lembran que é gratuito e está aberto ao público en xeral.

O municipio xa conta con contedores especiais para o aceite usado

Alfoz xa conta con contedores específicos para o aceite usado da cociña para contribuír a súa reciclaxe. Así, estes colectores estarán situados no exterior do Centro de Saúde, no semáforo da Seara, no Trece fronte da Naranxa, en Vilaúde fronte do Frenazo e na escola do Chao no Pereiro. Reciclar aceite usado é un xesto que contribúe a coidar do planeta polo que hai que esquecer as costumes de tiralo polo desaugadoiro.



COMPOSTEIROS. O Concello prepara unha nova campaña de compostaxe doméstica a través do convenio con Sogama. Nela, o Concello inicia unha nova entrega de composteiros gratuitos a todos veciños e veciñas interesados.

Ademais, Sogama impartirá unha sesión formativa para coñecer as técnicas de elaboración de compost e os seus beneficios. Consegui un abono de calidade cos restos de co-

mida, da horta e do xardín, reducir o lixo do contedor verde e coidar do medio ambiente son os obxectivos principais do fomento da compostaxe caseira.

Só hai que pasar polo Concello para facer a solicitude do composteiro. Para máis información haberá que chamar ao teléfono 982 558 001.

A casa da cultura acollerá unha actuación de Caxoto polo 8M

O 17 de marzo, ás 20.30 horas no salón de actos da casa da cultura haberá unha actuación de Caxoto con *Micromachista eu??* para fomentar a igualdade e conmemorar o Día Internacional da Muller, 8

de marzo. Coma sempre a entrada é gratuítas para poder disfrutar de 60 minutos de espectáculo dirixido a público adulto e adolescente e reflexionar con humor sobre a igualdade e nós mesmos.

o valadouro

O 25 de marzo será o XVII Mercado de Primavera

O sábado 25 de marzo o Concello de Valadouro acollerá, como é tradición, o seu XVII Mercado de Primavera no que ademais das típicas vendas e degustación dos produtos tradicionais.

O mercado celebrarase desde as 10.00 horas e ata as 19.00 horas no aparcadoiro do parque Concepción Arenal, Andrés López, Palmeiro, praza de Santa María, Severino Cociña, avenida de Viveiro, Xistral, José Antonio Ferreiro González, e o aparcadoiro municipal da rúa Xistral.

Dende o Concello comunicaron que as solicitudes de admisión no para participar na adxudicación de postos xa está aberta e farase a

través da sede electrónica ou nas oficinas do centro socio-cultural Manuel Lourenzo. O prazo de admisión de solicitudes rematará no intre no que se cubran os postos dispoñibles ou no seu defecto o mércores, 15 de marzo ás 20.00 horas.

Recoméndase que tanto os distintos postos (proprios ou facilitados polo Concello) como as persoas encargadas dos mesmos estean caracterizados como se se tratase dun mercado dos anos 40 ou 50. Os homes acudiran ao evento con pantalón de pana, camisa de cadros e chaleque ou camisa lisa e as mulleres farano con saia media longa, escura e blusa con toquilla.

O Concello organiza unha excursión a Salamanca

O Concello de Riotorto ten programada unha excursión a Salamanca e o val do Jerte que se celebrará os días 1 e 2 de abril.

A viaxe dará comezo ás 6.30 horas dende a gasolinera da localidade. Tras un almorzo en Vega de Valcarce farase unha visita a Béjar para comer no restaurante Corrobla. Pola tarde visitarán Cabezuela del Valle (Jerte) e pasarán a noite en Salamanca.

Ao día seguinte, farán unha visita guiada pola localidade. Tralo xantar, haberá tempo libre e o regreso está previsto para as 17.30 horas. O prezo da viaxe é de 120 euros



por persoa e só haberá 50 prazas, tendo preferencia os usuarios dos centros veciñais.

As persoas que desexen acudir deberán anotarse cos monitores dos centros veciñais ou no Concello antes do 15 de marzo.

riotorto

Regresa en marzo o servizo de podoloxía

O Concello de Riotorto ofrecerá no mes de marzo unha nova sesión do servizo de podoloxía dirixida a todos os veciños. O servizo, que ten un prezo de 15 euros, está financiado polo Concello e terá lugar o 9 de marzo.

Para poder acceder a este programa unicamente é necesario estar empadroadado no Concello e pedir cita previa nos servizos sociais municipais ou no teléfono 982 346 222. As sesións repetiranse varias veces durante o ano, tal e como anunciaron dende o Concello.

Este servizo ten como obxectivo prestar unha atención podolóxica básica a todas as persoas de cara a favorecer o seu benestar integral.

Alfoz, o lugar ideal para vivir

Este concello destaca por compaxinar un marco incomparable de historia e beleza natural no interior da Mariña

“Contamos con bos servizos e unha boa situación xeográfica”

Jorge Val, o rexedor municipal, fala sobre as cualidades do concello

Como é Alfoz para vivir?

Alfoz é un lugar maravilloso para vivir pois ademais de contar cunha situación xeográfica privilexiada temos moitos bos servizos para os veciños.

Que tipo de servizos ofrecen?

Contamos con traída de auga, rede de sumidoiros, alumeadado público en todas as casas, fibra óptica en case todo o municipio, bolsas de estudos, axudas para a conciliación familiar, programas de dinamización para maiores, etc.

Fálenos das axudas escolares?

Ofrecemos un servizo gratuíto ás familias e alumnado para solicitar as becas de estudo do Ministerio de Educación, así como a axuda para tramitar as peticións de tarxetas de bus para estudantes que os rapaces utilizan para desprazarse ata os institutos da zona para continuar a súa formación. Tamén contamos con becas de transporte para estudantes que cursen FP e BAC noutro concello da Mariña.

Tamén velan pola conciliación familiar.

Si, por iso contamos co programa de Conciliación no que se inclúe o servizo de Madrugadores, OES

(ocio e estudio) e Inglés para o alumnado do CEIP Castro de Ouro de Alfoz que, de xeito totalmente gratuíto pode desfrutar da ampla oferta de actividades fóra de horario lectivo desde o primeiro ata o último día de curso.

Para os maiores tamén contan con actividades?

Si. Temos o programa ActivaMente que son actividades para as persoas maiores nos que ofertamos cursos e charlas moi variadas que engloban desde musicoterapia a uso de móbil, pasando coas relacionadas coa igualdade, co xénero, coa saúde ou coa xeografía.

E servizos para os maiores?

Estes son servizos moi necesarios entre os nosos maiores por iso ofrecemos o Servizo de Axuda no Fogar, o Xantar na casa e a teleasistencia. Son servizos que posibilitan que os maiores permanezan no seu domicilio o máximo tempo posible.

Tamén apostan polas asociacións?

Por suposto, pois cremos que son unha parte fundamental da dinamización do concello. Ofrecemos subvencións culturais, deportivas, educativas e formativas. Temos

moitas asociacións, unha en cada parroquia, as cales fan posible as actividades, as festas, os cursos, etc.

E no relativo ao deporte?

Contamos cunhas escolas deportivas moi activas para favorecer o deporte entre toda a poboación. Ademais temos un circuito de motocross, nos nosos ríos pódese practicar a pesca sen morte e contamos cun Tecor para a caza para os amantes deste deporte.

Seguen coa mellora de infraestruturas?

Seguimos mellorando día a día as nosas estradas e accesos aínda que hai que dicir que están en bastante bo estado e as estradas están case todas aglomeradas o que fai que durante as fins de semana se vexan moitos ciclistas percorréndolas. Ademais sempre estamos atentos ao que a veciñanza vaia demandando como poden ser as fochancas, o saneamento

Nótase que incrementou a compra de vivendas?

A verdade é que si, pois temos a gran sorte de que vén xente de fora a mercar aquí a súa vivenda como primeira ou segunda. Isto supón un bo aliciente para o turismo e



“Sempre estamos atentos ao que a veciñanza vaia demandando como poden ser as fochancas, o saneamento ou outros servizos”

para seguir ofrecendo bos servizos. Algúns quédanse porque lles gusta o modo de vivir que temos e outros pola riqueza patrimonial e natural.

Contan con moito patrimonio para atraer turismo?

No tema turístico estamos poñendo en valor todos os nosos recursos. De feito estamos facendo obras no Castelo para convertelo nun centro de interpretación da ruta do Mariscal Pardo de Cela que terá documentación, libros e exposicións permanentes ademais doutras actividades lúdicas durante todo o ano. Todo isto é posible gracias a Mancomunidade da Mariña. Hai que dicir que a contorna e as vistas que ten préstanse para as actividades e será un complementen-

to para toda a Mariña.

O futuro é favorecer o medio ambiente.

Por ese motivo temos unha clara aposta por el, e esa é unha das razóns polo que recibimos a Bandeira Verde nos dous últimos anos, por non contaminar, pola eficiencia enerxética, pola boa xestión dos recursos naturais como o da auga, etc. Contamos cun servizo de recollida porta a porta, e intentamos manter o máis limpo posible e non emitir residuos nos ríos e nos montes e por suposto na propia vila. Tamén favorecemos a reciclaxe co reparto de composteiros para evitar que vaian os menos residuos posibles a Sogama, e ao mesmo tempo aproveítanse para abono, que é totalmente natural e moi bo.

Para gozar da tranquilidade do medio natural, da paisaxe e os hábitos veciñais, sen renunciar por iso a todos os servizos que ofrece as grandes vilas, Alfoz é o lugar ideal.

ESTUDOS. O Concello de Alfoz, ofrece este servizo de tramitación de becas MEC ao alumnado desde hai fai anos, xunto as tramitacións de tarxetas de bus ou as propias bolsas de transporte municipais para os estudantes.

PEQUENOS. Para o asentamento familiar contan con programas de conciliación no CEIP Castro de Ouro que inclúe o de Madrugadores, inglés, OES (ocio e estudo). Ademais durante todo o ano contan con actividades de lecer e campamentos para as épocas de ocio como Nadal ou o verán.

CURSOS. Co obxectivo principal



de acurtar a chamada fenda dixital, o Concello ofrece un amplo abano de cursos para as persoas maiores sobre o uso de ordenador e móbil.

VIVENDA. O Concello estivo a rehabilitar unha vivenda de titularidade municipal co fin de destinala a alugueiro social. Isto servirá para que o Concello poida crear un parque residencial para ofrecelo en réxime de arrendamento.

Por outra banda, ao ser un concello menor de 5.000 habitantes ten beneficios á hora de solicitar axudas á aluguer ou compra de vivenda, á construción, para a rehabilitación enerxética, etc.

FIBRA ÓPTICA. A fibra óptica xa está activa en Alfoz. Por agora, son só unhas cantas vivendas as que non contan con sinal. Isto é unha ferramenta fundamental para estudar e teletraballar.

BIBLIOTECA. Ao longo destes anos o Concello fixo unha reforma integral do espazo da biblio-

teca así como foi incrementando o fondo bibliográfico. Pero non foi só un cambio físico, senón unha dinamización continua que conta con programas coma a Bibliopiscina durante xullo e agosto, as Mochilas Viaxeiras que fomentan a lectura entre os maiores do Programa de Envelhecimento Activo Activamente, ou o Club de Lectura.

DEPORTE. O Concello oferta varias modalidades deportivas co obxectivo de promocionar o deporte e hábitos saudables para a poboación durante todo o ano. Así, contan coas Escolas Deportivas Municipais, EDM, que inclúen as modalidades de patinaxe, fútbol campo e fútbol sala, e para o vindeiro curso tamén atletismo. E tamén con clases para maiores de ximnasia de mantemento, ioga, aeróbic, e fai pouco estrearon unha renovada pista de pádel.

Mondoñedo acollerá un concerto homenaxe ás aviadoras españolas

O pianista afincado en Mondoñedo, Juan Rezzuto e o concelleiro de Cultura, Alberto García, presentaron o concerto homenaxe ás aviadoras españolas da aviación arxentina, enmarcada na súa xira por España. Será o 10 de marzo no auditorio mindoniense.

O Ensamble de Música de Cámara de la Fuerza Aérea Argentina ten como misión divulgar a historia da aviación a través da música. Gracias ao pianista afincado en Mondoñedo. Juan Rezzuto, quen tamén participará no concerto, puido ser posible establecer esta conexión, na que No mes de marzo conmemórase o día internacional de la mujer, polo que ten máis sentido este concerto, "a través da música que foron capaces de inspirar, as mulleres españolas e arxentinas que construíron a historia da aviación en cada un dos seus países". "La Unión Argentina de Compositoras de Música e o Foro Argentino de Compositoras son as creadoras desta narración que esperamos, nos leve a voar nun fermoso ceo".

O Festival da Fantasía Cunqueiriana, Mil Primaveras, será ao longo do mes de marzo

Mil Primaveras quere ser o Festival da Fantasía Cunqueiriana, e como tal queren visibilizar ese día na praza e rúas mindonienses. Así, celebrarán un mercado de cultura e fantasía, tapas cunqueirianas ou proxeccións de audiovisuais.

Nesta nova iniciativa, que será o 11 de marzo, a organización anima a disfrazarse para participar no evento de gatapedro, da Voadora de Serantes, de Merlín ou ata do Paraugas Xacinto.

O programa recolle máis dunha vintena de actividades, que inclúen gastronomía, música, teatro, cine ou poesía e rematarán cun concerto de Amancio Prada cantando a Cunqueiro na Catedral. Desde as 11.00 horas haberá un mercado na praza da Catedral, onde tamén terá saída o "tren fantástico" que percorrerá a vila e será gratuíto para as persoas que acudan caracterizadas dalgún dos personaxes do autor.

Ao respecto, os organizadores invitan a asistir caracterizado de



calquera elemento que forme parte da narrativa do escritor para converter a cita nun auténtico festival de "fantasía cunqueiriana". Ademais, un grupo de veciños e veciñas percorrerán as rúas caracterizados como personaxes singulares da historia de Mondoñedo.

Tamén haberá actividades formativas ata o 25 de marzo da man da escritora Antía Yáñez, de teatro con Paloma Lugilde e de audiovisual con Xaime Miranda.

O PSOE urxe a rematar as obras da praza da Catedral

A voceira socialista de Mondoñedo, Esperanza González urxiu ao PP rematar coas obras da praza da Catedral de Mondoñedo. "É inconcebible que en pleno s.XXI o goberno do PP non sexa capaz de rematar unhas obras de acceso na praza máis importante da cidade, e que levan paralizadas fai máis dun ano. Alguén ten que poñerlle un pouco de sentido e de cabeza a toda esta desfeita". Esperanza González demandou a través dun rogo, na pasada sesión plenaria, rematar estas obras ou atoparlles unha solución, dialogando con tódalas partes implicadas e afectadas. Así as cousas, "o Concello de Mondoñedo xa informou no seu día que renunciou a subvención concedida polo Ministerio de Fomento relativas ao 1,5% cultural, e que supoñían unha achega económica para as arcas municipais de arredor de 180.000 euros. Unha obra que comezou en decembro do 2021, e nas que se inclúen 6 modificacións de proxecto, e a día de hoxe seguen se rematar. Ademais o Goberno do PP avanzou que agora esta obra vai ter un sobrecurso importante, pola suba dos materiais", di González.



Nesta mesma sesión plenaria tamén demandamos o arranxo dos baches da avenida Buenos Aires, "que se fixeron este luns". E tamén emprazamos ao Concello para instar á Xunta, que é a propietaria dun inmovible no Barrio dos Muíños (nº26), "que a día de hoxe segue sen adjudicarse un dos pisos existentes, xa que o precio para acceder a este alugueiro é moi elevado e os adjudicatarios teñen que renunciar a el. Dende que remataron as obras deste edificio a finais do 2020, un dos pisos segue sen ocuparse", lembran os socialistas.

Ourol selecciona 10 peóns forestais

O Goberno local de Ourol selecciona 10 peóns forestais dentro do programa Fomento de emprego 2022, incluído no Plan Provincial Único de Cooperación dos Concellos 2022 da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Xa están aprobadas e expostas as bases para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición de seis peóns forestais a xornada parcial (75 %).

Contará cun tipo de contrato por obra ou servizo determinado a xornada parcial (75 %) e cunha duración de 6 meses. O prazo de presentación de instancias estará aberto ata o 10 de marzo de 2023. Para máis información será necesario pregunta no Concello de Ourol a través do Axente de Emprego ou chamando ao 982 559 109.

As bases están expostas no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Ourol e tamén se poden consultar no sitio web do Concello.

O encontro de maiores será o día 12 de marzo

O Concello organiza un encontro de maiores para persoas de máis de 55 anos empadroadas no Concello, que terá lugar o domingo día 12 de marzo ás 14.00 horas no Restaurante Louzao (Area-Viveiro). Este encontro que consistirá nun xantar amenizada por música en directo ten como obxectivo fundamental servir de espazo de encontro e relación entre os maiores do noso Concello.

Para máis información haberá que dirixirse ao Departamento de Servizos Sociais do Concello ou chamar aos teléfonos 982 559 109 e 677 489 457.

PIONEIRAS. A catedrática de Química Inorgánica da Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago de Compostela, M^a Isabel Fernández García, estará en Ourol o vindeiro día 9 de marzo ás 18.00 horas para falar do seu libro 'Pioneiras da ciencia en Lugo' e sobre todo de tres mulleres de Ourol pioneiras en ciencias:



Remedios Vázquez García, Segunda Vázquez García e Aurora Chao Quintana.

Neste libro recóllese a vida académica e laboral de 62 mulleres pioneiras no eido da ciencia que foron abrindo camiño para as que viñeron despois. Con este traballo a autora pretende visibilizar a situación da muller na universidade e sobre todo nas ciencias e poñer en valor o seu traballo e a súa contribución para acadar a igualdade da muller. Este encontro será no Edificio Multiusos de Ourol.

Aberto o período de preinscrición para a casa niño

Esta aberto o período de preinscrición para a casa niño Paxariños de Ourol para o vindeiro curso 2023/2024 e que permanecerá aberta ata o 15 de marzo.

Para calquer información relacionada coa casa niño e co proceso así

como asignación de praza, deberán poñerse en contacto coa persoa responsable da mesma no teléfono 675 077 725.

Este centro está destinado a nenos de 6 meses a 3 anos e en horario de de 10.00 a 18.00 horas.

IV Xuntanza de Coches Clásicos

Os afeccionados aos coches clásicos teñen unha cita ineludible o vindeiro 11 de marzo no salón multiusos de Ourol. Alí terá lugar a IV Xuntanza de Coches Clásicos Ourol que organizan un ano máis os Aturuxeiros de Bravos coa xente do Club Clásicos Viveiro.

A reunión comezará ás 10.00 horas coa recepción de coches e ás 12.00 será o paseo turístico que rematará ás 13.00 coa sesión vermú a cargo de Verónica Cambón. Xa ao mediodía, haberá un xan-

tar servido por Seiramar Eventos, que ten un prezo de 30 euros socios e 35 os que non o sexan. As reservas poderán facerse ata o 7 de marzo.

Pola tarde os xogos e competicións colleran as rendas da festa, para despois desfutar dos sorteos e a entrega de premios ao coche máis antigo, máis lonxano, e ao mellor restaurado.

Para máis información será necesario chamar aos teléfonos 678 586 816 e 605 088 719.

VespaFaba & Clásicos presentou os seus eventos para este ano

A Asociación Club VespaFaba & Clásicos Lourenzá presentou os seus eventos para este ano 2023 e nos que repiten as súas concentracións. En aproximadamente dous meses, 6 e 7 de abril, será a Reunión de Amigos de VespaFaba & Clásicos Lourenzá, sendo xoves Santo para os vehículos de dúas rodas, e o venres Santo para as catro rodas.

Xa o 30 de setembro e 1 de outubro volverá o seu principal evento, a novena edición da VespaFaba & Clásicos Lourenzá, cadrando coa Festa da Faba de Lourenzá.

Para a información de coches será necesario chamar aos teléfonos 660 049 416, 671 214 171 ou 669 452 430. Para motos 670 801 034, 606 859 486 ou 689 008 073.

O CEIP Juan Rey gañou un certame sobre as Letras Galegas

O CEIP Juan Rey laurentino foi o gañador na categoría A do Concurso-Exposición Letras Galegas 2023.

Esta categoría estaba destinada aos centros de educación infantil e primaria, e a obra gañadora foi *Desde a fiestra de don Paco*.

Na categoría B, destinada a educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanza de réxime especial, a

exposición premiada é *Camiñando con Ramón Sanfiz, coñecemos a Francisco Fernández del Riego*, do IES Castelao, de Vigo.

Cada exposición vai acompañada da correspondente guía didáctica, que permite realizar un percorrido polos momentos máis significativos da biografía.

O centro educativo gañador recibirá un premio en metálico de 2.000 euros.

Volve o Vilou Spring Fest ao recinto feiral de Vilanova

O recinto feiral de Vilanova de Lourenzá acollerá o vindeiro xoves 6 e venres 7 de abril unha nova edición do festival Vilou Spring Fest.

Esta cita musical, que coincide co Xoves e Venres Santo, contará o día 6 como prato forte coa actuación da Panorama e o día 7 co grupo Beatriz, pero tamén participarán o Conxuro discomóvil e os DJ Billy e Dani Rego os dous días.

Este evento está organizado pola asociación Conde Santo coa colaboración do Concello de Lourenzá. As entradas, aínda non están á venda.



Aprobadas as bases para as achegas ás asociacións culturais

Na última reunión Xunta de Goberno Local do Concello de Lourenzá aprobáronse as Bases da Convocatoria de Subvencións Municipais a asociacións do concello para a realización de actividades culturais durante o ano 2023. O importe a repartir entre as distintas asociacións será de 7.500 euros, aumentando así en 1.500 euros

a cantidade concedida en anos anteriores.

O concelleiro de Cultura, Manuel Arango, anuncia que nos próximos días esta convocatoria aparecerá publicada no BOP (Boletín Oficial da Provincia) e a partir dese momento ábrese un prazo de vinte días naturais para poder presentar a solicitude e a documentación requirida.

Iniciada a eliminación de barreiras arquitectónicas



O Concello iniciou as obras incluídas no proxecto de eliminación de barreiras arquitectónicas no entorno do casco urbano de Vilanova. A alcaldesa, Rocío López, explica que “estas actuacións englobanse dentro dun Plan de Adaptación e Supresión de Barreiras para a Área de Rehabilitación Integral do casco antigo de Lourenzá e marcan o inicio das intervencións de cara a un futuro cunhas infraestruturas máis accesibles para todos e todas e sen barreiras. En concreto as actuacións céntranse en varias beirarrúas e pasos de peóns que non cumprían coa actual lexislación en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras. Esta actuación supón o inicio dunhas obras que eran moi necesarias para facilitar a accesibilidade e mellorar a calidade de vida e a autonomía das persoas con dis-

capacidade e mobilidade reducida. Estas obras son fundamentais para avanzar de cara a un municipio inclusivo e accesible”.

A rexedora engade que esta actuación “contempla a resolución dos desniveis nos recorridos peonís entre as beirarrúas e os pasos de peóns de dous xeitos distintos, de acordo á súa situación e condicionantes: elevando a plataforma do propio paso de peóns ata o nivel da beirarrúa existente ou ben rebaixando a plataforma da beirarrúa, con recorridos accesibles, ata o nivel da plataforma da vía existente.

A maiores levarase a cabo un pintado dos pasos de peóns e demais marcas viarias para garantir unha circulación segura tanto para vehículos como para peóns”.

O presuposto destas obras ascende a 43.261 euros.

Rocío Lopez optará por terceira vez á Alcaldía co PSOE

Rocío Lopez optará por terceira vez á Alcaldía de Lourenzá como candidata do PSdeG-PSOE, logo de dous mandatos á fronte do Concello. Así o acordou por unanimidade a formación socialista laurentina, “coa finalidade de revalidar a Alcaldía e seguir dirixindo un goberno que está ó servizo dos veciños e veciñas”.

A actual alcaldesa agradece o apoio recibido para repetir como cabeza de lista do PSOE nas vindeiras eleccións municipais do 28 de maio co obxectivo de dar continuidade a moitos dos proxectos iniciados neste segundo mandato.

Rocío López fai balance de “moitos dos logros acadados nestes catro anos, como a construción do campo de herba artificial de Santa Cruz; a nave multiusos de Ponte de Cuñas, que está a disposición de todas as asociacións, de mozos e de maiores para calquera actividade que queiran desenvolver; e tamén a gran intervención na mellora das infraestruturas municipais. Neste mandato a mellora das estradas foi un dos piares principais e leváronse a cabo actuacións en todas as parroquias”.

A actual alcaldesa di que se volve presentar “para seguir traballando na mesma liña, para mellorar os servizos á veciñanza e continuar sendo o concello que somos, coas portas abertas, próximo e accesible á cidadanía.

O Concello conta cun visor do planeamento urbanístico

O Concello do Vicedo conta cun visor do planeamento urbanístico do municipio, dispoñible online e que ofrece un servizo de visualización e consulta urbanística por parcela catastral do Plan Xeral de Ordenación, PXOM.

Esta ferramenta servirá para ver e facer consultas do planeamento urbanístico e axudará aos veciños e interesados en valorar as futuras construcións que se poderían facer nas diferentes fincas, así como facilitar os datos de metros cadrados necesarios, información catastral, etc.

Tamén facilita os diferentes tipos de chan como son o urbanístico, rústico, ou as proteccións costeiras.

Para acceder a este portal hai que



entrar no visor. Esta ferramenta, baseada en tecnoloxía de GIS, facilita o acceso á información dos bens e a consulta urbanística mediante a busca por referencia catastral ou dirección, ofrecendo a versatilidade de poder realizar as consultas dende calquer dispositivo e dende calquer punto do municipio.

O orzamento municipal é de 2,6 millóns de euros

O Concello aprobou os orzamentos para este ano 2023 que ascenden a 2.690.000 euros e no que destacan o 807.079 euros que se destina a investimentos reais. Dentro destas inversións destacan 548.580,51 euros para a renovación do alumeadado público e 229.998,7 para o acondicionamento e mellora de vieiros. Tamén se destinarán 28.500 euros á expropiación de terreos necesarios para recuperar a servidume entre Os Castelos e a praia de Fomento.

O capítulo de gastos desglosase en 1.036.497,31 euros no gastos de persoal, 757.192 euros en bens e servizos, os financeiros suman 9.311,48 euros, e as transferencias corrientes 76.720.

O PP reclama a reparación da estrada que une a N-634 coa praia de Coto

O PP de Barreiros reclama á Deputación que xestione a reparación da moi deteriorada estrada provincial LU-P 0611, que une a N-634 coa praia de Coto. “O mal estado das estradas supón molestias para os usuarios, perda de seguridade vial e mala imaxe para o territorio polo que descorren. Unha das estradas provinciais en mal estado é a LU-P 0611, que une a N-634 coa praia de Coto”, di o portavoz popular neste concello, José Manuel Gómez Puente, que reclama á Deputación “que adopte, sen demora, as medidas precisas para acometer un mantemento nas debidas condicións desta estrada”.

Gómez Puente sinala: “Esta estrada, arrinca na N-634, é dicir na estrada xeral, ao pé do tanatorio, e acaba na pista que descorre ao longo da costa, neste caso, en Coto. É a mellor alternativa para ir dende a xeral á estrada que bordea a costa, porque é a máis recta, no atravesado núcleos de poboación e é a máis ancha”. Engade “esperemos que amañen a estrada antes da primavera, porque tamén é unha vía que facilita a comunicación entre barrios de Barreiros”.

O Concello investirá na cuberta do pavillón municipal



O Concello vén de anunciar un novo investimento nas instalacións deportivas municipais, consistente na renovación da cuberta do pavillón municipal, situado en San Cosme. Este investimento, que se realizará ao abeiro dun convenio coa área de Deportes da Deputación, ascenderá a máis de 139.000 euros. Con estas obras preténdense solucionar os problemas de goteiras existentes en dita instalación, cuxa cuberta, de preto de 30 anos, presenta un importante estado de deterioro que non é posible arranxar.

O concelleiro de dinamización, Dani García, encargado da área de deportes municipal explica que nos últimos catro anos se investiron en arranxos en dita cuberta máis de 7.200 euros; sen que se lograra unha reparación eficiente da pro-

blemática; debido ao desgaste das chapas existentes.

Neste sentido, o proxecto realizado polos servizos técnicos municipais afrontou a necesidade de instalar unha nova cuberta que garanta as condicións necesarias para o uso do pavillón municipal sen incidencias de ningún tipo. Incorpora así a colocación de panel sándwich de aluminio de 70mm de espesor de illamento, a colocación de lucernario no pico da cuberta e ambos lados da mesma, de forma lonxitudinal, con pranchas de policarbonato de 80mm de espesor, os remates de cumbreira e perimetrais con chapa de aluminio, a instalación de canálons interiores e a súa conexión coas baixantes existentes e os remates cos paramentos verticais de fachada.

Pezas tecidas de cores conmemorarán o 8M



O Concello de Barreiros encherá de cor as árbores e demais mobiliario urbano da súa praza para conmemorar o 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres.

A iniciativa promovida desde a administración local consistirá en “vestir” unha das árbores situada na praza do Concello e parte dos enseres urbanos con pezas tecidas principalmente polas mulleres barreirenses que, de xeito interxeracional, colaborarán entre si para lograr o obxectivo común de embelecer e humanizar os espazos públicos.

A concelleira de igualdade, Montse Porteiro, explica que “esta actividades está enmarcada

dentro do programa + Igualdade Barreiros e pretende facer das nosas prazas e espazos públicos lugares máis cálidos e acolledores, encheiros de vida e ao mesmo tempo conmemorar este día poñendo no centro ás mulleres.” A alcaldesa sinala que con este tipo de actos pretenden “iniciar un proxecto que simboliza a posibilidade de converter en realidade os nosos soños”.

Para rematar o mes adicado ás mulleres, o sábado 1 de abril ás 19 horas, representarase no Centro Sociocultural a obra de teatro ‘El virus de la violencia’, escrita e dirixida por Marina Wainer, a cargo da compañía de teatro argentina ‘El Vacío Fértil’.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
Concello: 982 55 80 01
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
Concello: 982 12 40 02
Garda Civil: 982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
Concello: 982 58 60 00
Policía Local: 982 58 62 11
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
Concello: 982 55 77 77
Policía Local: 615 52 10 52
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
Concello: 982 14 00 27
Policía Local: 982 13 36 40
Garda Civil: 982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
Concello: 982 12 10 06
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
Concello: 982 52 40 03
Policía Local: 982 50 70 40
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUROL
Concello: 982 55 91 09
Garda Civil: 982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
Concello: 982 34 22 77
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
Concello: 982 12 86 50
Policía Local: 982 12 86 50
Garda Civil: 982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
Concello: 982 13 50 11
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
Concello: 982 57 40 00
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
Concello: 982 59 00 02
Garda Civil: 982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
Concello: 982 56 01 28
Policía Local: 982 56 29 22
Policía Nacional: 982 56 17 11
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
Concello: 982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

 Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085
Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062



www.amariñaxa.com

DEPUTACIÓN

A Deputación esixe á Xunta que actúe para mellorar a sanidade

A Deputación de Lugo esixe á Xunta de Galicia que atenda as reclamacións da sociedade galega sobre as melloras necesarias na sanidade pública. Así se acordou tras unha moción presentada polo PSdeG no Pleno ordinario do mes de febreiro, que saíu adiante cos votos a favor dos socialistas e do BNG.

A voceira socialista do Goberno provincial e Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, lembrou que “o pasado 12 de febreiro a sociedade galega saíu á rúa para manifestar o seu desacougo coa situación da sanidade pública”, unha expresión “de rexeitamento, descontento e malestar social”.

García Porto expuxo que os facultativos con sobrecarga de doentes, os responsables dun PAC co cadro de persoal en mínimos, ou os familiares de doentes en listaxes de agarda non se xuntaron na praza do Obradoiro de Santiago de Compostela para facer política. “A manifestación do día 12 foi un resumo das queixas que se veñen rexistrando nos últimos anos por mor das políticas de recortes e mala xestión do PP”, sinalou, cualificando de “decepcionante” a resposta do Goberno galego. En concreto, apuntou a voceira socialista que o Presidente da Xunta non estivo á altura, utilizando a cita do Cocido de Lalín para esquivar as reclamacións sobre a Sanidade, nun comportamento que tachou de “insolidario e irresponsable”.

No debate, Pilar García Porto defendeu que os socialistas teñen o compromiso “firme e inalterable” de defensa dos servizos públicos e lembrou que “ao longo deste mandato que está a piques de rematar, trouxemos a este Pleno de xeito reiterado iniciativas que recollían as necesidades dos e das cidadáns da nosa provincia”.

A Deputación de Lugo reclaman agora ao Goberno autonómico a elaboración dun plan urxente de melloras na Atención Primaria que inclúa o compromiso de dedicarlle o 25% do orzamento sanitario tal e como recomenda a OMS; a elaboración doutro plan urxente para a Atención Pediátrica e para reducir as listas de espera; o compromiso de convocar cada ano o 100% das prazas MIR autorizadas polo Goberno do Estado; a recuperación dos cadros de persoal dos PAC e centros hospitalarios afectados polos recortes; o deseño dunha política de persoal que cubra as baixas; e o fin da política de temporalidade dos profesionais.



O Pleno da Deputación de Lugo aprobou no Pleno ordinario celebrado este martes unha Declaración Institucional con motivo do Día Internacional da Muller na que reivindicamos a loita pola igualdade, plena e efectiva, e os valores do feminismo, factores esenciais para acadar unha

sociedade xusta e para a mellora da democracia. Os grupos políticos con representación no organismo provincial -PSdeG, BNG e PPdeG- votaron a favor dun texto acordado previamente nunha Xunta de Voceiros e Voceiras convocada polo Presidente provincial, José Tomé Roca.

Cooperación con concellos e colectivos

A Deputación aprobou durante o Pleno, cos votos a favor dos grupos do PSdeG e o BNG, a incorporación de remanentes de tesourería ao Orzamento 2023 da Deputación de Lugo por un importe de algo máis de 5M€. Unha cantidade que servirá para reforzar a cooperación cos concellos e co tecido asociativo da provincia, segundo explicou a Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Maíra García Bermúdez, quen apuntou que se trata de algo “fundamental para o desenvolvemento do noso territorio, porque tradúcese en contribuír na mellora dos servizos que ofrecemos ós nosos veciños e veciñas”.

García Bermúdez desgranou as aplicacións orzamentarias do suplemento de crédito, que ascende aos 5.097.822,52€. En concreto, a responsable de Economía, Recada-

ción, Facenda e Especial de Contas da Deputación sinalou que estes fondos estarán destinados á promoción cultural, á mocidade, aos deportes, ao medio rural, ao turismo, á atención aos cidadáns e ás entidades locais.

García Bermúdez defendeu ademais a “utilidade” da acción do Goberno provincial poñendo como exemplo o traballo en materia de benestar social ou de mobilidade, sinalando que “neste mandato puxemos a disposición da cidadanía 271 prazas de atención asistencial para maiores e estamos á espera doutras 29, cando a Xunta nos conceda o PIA do centro de Ribas de Sil”, un servizo co que “xeramos en total 172 empregos directos”. Tamén engadiu que “fomos quen de amañar 400 quilómetros de estradas provinciais destinando 22M€”.

Reeditan o Premio ao Turismo Sostible



A vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presidiu a primeira reunión do ano deste órgano participativo e consultivo da Deputación. A proposta da institución provincial, os asistentes aprobaron a reedición do Premio ao Turismo Sostible, creado na pasada edición dos galardóns á excelencia turística e gastronómica coa finalidade de recoñecer iniciativas que contribúan á sustentabilidade turística no eido social, económico e medioambiental. García Porto destacou a importancia de manter este recoñecemento, que “reforza as liñas de traballo que impulsamos dende a institución provincial para consolidar un modelo de turismo de calidade e sostible, con capacidade para atraer visitantes durante todo o ano, que pon en valor o patrimonio e que

contribúe a xerar riqueza e emprego, sobre todo no rural”.

“En 2022 apostamos por crear este galardón de xeito puntual como organizadores do VIII Foro Cidades e Territorios Creativos de España, do que fomos anfitrións como gañadores da Copa de España Creativa, pero creemos que mantelo no tempo é unha oportunidade para todas as empresas e entidades da provincia”, explicou.

Na primeira entrega do Premio ao Turismo Sostible, foi recoñecido o proxecto das Cabanas das Chousas polo seu labor de coidado e protección do medio ambiente co uso de caldeiras de biomasa, o bo mantemento do espazo para a prevención dos incendios forestais ou a instalación de contedores de reciclaxe. As Cabanas están situadas a varios metros do chan, nun bosque autóctono e están totalmente mimetizadas e integradas co entorno.

Ratifican ao Consorcio de Bombeiros a vontade de facer fixos aos traballadores

A voceira socialista do Goberno e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, reuniuse no Pazo de San Marcos co novo comité de empresa do Consorcio Provincial de Bombeiros. Un encontro que se produciu a petición dos traballadores para abordar asuntos de interese para ambas as partes.

A deputada trasladoulles o compromiso de colaboración do Presidente da institución, José Tomé Roca, e ratificoulles que ten “total vontade” -de acordo con informes técnicos xa elaborados- de facer fixos aos traballadores sacando adiante un proceso de estabilización laboral en aplica-

ción dunha sentenza de unificación de doutrina que ditou o Tribunal Supremo con respecto ao caso dunha traballadora do SAF de Navarra. Este ditame xudicial abre a porta a darlles estabilidade e seguridade laboral aos traballadores dos parques de bombeiros, sen que teñan que pasar por un proceso selectivo.

Así mesmo, Pilar García Porto reiterou que a Deputación considera razoables as cuestións introducidas polos representantes dos bombeiros na proposta do convenio colectivo e que está en disposición de chegar a un acordo para aprobalo canto antes. García Porto felicitou aos novos membros por resultar elixidos.

DEPORTES

Aberta a inscrición do Toxiza Gran Trail que se celebrará o 25 e 26 de marzo

O Toxiza Clube de Montaña, ogranizador da proba deportiva Toxiza Gran Trail, comunicou a apertura de inscricións para a proba que se celebrará o 25 e 26 de marzo.

Esta é unha das probas de montaña máis multitudinarias, non só de Galicia senón de todo o Norte de España, así, o ano pasado participaron uns 560 deportistas.

A cita deportiva consta de seis carreiras de montaña e unha andaina. O sábado 25 serán as catro carreiras convencionais de 60, 40, 24 e 15 quilómetros e unha andaina de 17 quilómetros. O domingo 26 será o trail de 24 e o mini de 15 quilómetros.

As inscricións realizaranse a través da plataforma de Galitiming ata o día 15 de marzo e por motivos organizativos, existe un límite de prazas de 800 corredores, no que unha vez alcanzado pecharán inscricións.

Últimos días para inscribirse na Carreira de Montaña As Minas

A Asociación As Minas da Pontenova xunto co Concello organizan a II Carreira de Montaña As Minas da Pontenova, unha proba que se celebrará o domingo 12 de marzo de 2023.

A proba deportiva consta de media mararón, 10 quilómetros e andaina. Para participar será necesaria a previa inscrición, que ten un prezo de 15 euros para a media maratón, 8 para os 10 quilómetros e a andaina será gratuíta. O prazo de inscrición terminará o mércores 8 de marzo. Para máis información haberá que consultar a web de carreiras galegas. A proba transcorrerá pola zona das antigas minas.

Haberá trofeo aos tres primeiros clasificados absolutos masculinos e femininos da carreira de 21km e 10km, ao vencedor de cada categoría masculina e feminina da distancia de 21km, e unha medalla ao 2º e 3º clasificado de cada categoría masculina e feminina no 21km.

A saída e meta será na praza dos Fornos, a saída farase ás 10.00 horas e constará de 21 quilómetros aproximados e percorrerá camiños de terra e pistas, e estará pechado a todos os vehículos excepto os autorizados pola organización.

O viveirense, Adrián Ben, campión de Europa

O viveirense, Adrián Ben, proclamouse esta tarde campión de Europa en 800 metros lisos baixo teito na proba celebrada en Estambul.

O atleta superou en 3 milésimas ao francés Benjamin Robert, facendo unha marca de 1:47.34. O terceiro posto foi para o belga Elliot Crestan.

Ben é o sexto español en conseguir este título que Antonio Páez gañou por primeira vez en 1979 e 1982, Colomán Trabado en 1983, Luís Javier González en 1992, Roberto Parra en 1996 e Álvaro de Arriba en 2019.



Fer Vallines conquistou o bronce no Campionato indoor sub-20



O laurentino Fer Vallines, debutante na división sub-20, conquistou a medalla de bronce no Campionato de España indoor que se disputou en Sabadell o pasado sábado 4 de marzo. O lanzador do Madeiras Barcia fixo unha marca de 15,77, superando nun metro o lanzamento que fixo hai dúas semanas para proclamarse

campión galego, e situouse na terceira praza.

Así, o atleta do lanzamento de peso de seis quilos, superou por algo máis de 30 centímetros a Jorge Prida e ademais so incorreu nun nulo lanzamento facendo 15,17; 14,59; 15,22 e 15,15 nos seus outras oportunidades.

O Pescados Rubén Burela FS galardoado nos Serenidade

A sala Mozart do auditorio de Galicia acolleu a Gala de entrega dos premios Serenidade 2023 de Radio Cadena Ser Galicia e que nesta edición decidiu entregar un dos galardóns ao equipo feminino do Pescados Rubén Burela FS por, segundo o seu veredicto, "ser un referente no fútbol sala feminino ao ser nomeado mellor club de fútbol sala feminino do mundo durante dous anos, ser pentacampeas da Supercopa de España e Campioas da Futsal Women's European Champions. Xogadoras que co seu bo facer teñen situado a Burela, na Mariña de Lugo,

coma unha das capitais do fútbol sala feminino a nivel mundial. Asistiron á gala, en representación do equipo, e recolleron o galardón o presidente do club Pescados Rubén Burela FS, Manuel Blanco Fanego e a capitá e porteira do equipo feminino do club Joziane de Oliveira, quen ademais pronunciou un emotivo discurso agradecendo a Radio Cadena Ser Galicia o premio, así como ao club, Pescados Rubén Burela FS, ao seu patrocinador principal, Pescados Rubén e á afección por apoialas para conseguir todos estes logros.

Os irmáns Miguel e Julia López xa son campións da Liga de bolos de Xove



A última tirada de bolos celebrada no centro social de Morás e a falta dunha xornada fixo que os irmáns Miguel e Julia López fixéranse cos primeiros postos da Liga.

Na liga sénior masculina, Miguel renovou matemáticamente o seu título e conquistou o seu 5º campionato consecutivo. Aclarado o gañador desta Liga, queda por vislumbrar quen se fai co segundo e terceiro posto.

No relativo á Sénior Feminina, na que Julia López xa é campiona, ta-

mén está pendente a loita polo sub-campionato está pechada entre Belén Meitín e Salomé Bermúdez.

Na sub 16 a pelexa entre os irmáns Naia e Jordi Cancelos, vaise decantando claramente a favor de Naia. De todas formas, matemáticamente eles teñen asegurado os dous primeiros postos. Pola súa banda, Christian Cocifña practicamente, aínda que non matemáticamente, ten asegurado o terceiro posto final.

A última tirada será de novo no centro social de Sumoas o día 11.

O Club Clásicos Viveiro e do Vicedo únense para o Km0

O Club Clásicos Viveiro e o Club Clásicos O Vicedo únense para poñer en marcha de novo o Campionato Km0 2023 e no que incorporan o Trofeo Talleres Tuille, un galardón que naceu co obxectivo de fomentar a participación en varias probas puntuables. Estas probas puntuables son o II Rally Concello de Oourol, o IV Rally Club Clásicos Viveiro do 20 de maio e o II Rally Club Clásicos O Vicedo do 14 de outubro. Os equipos que disputen os 3 rallies sumarán puntos para que ao final da tempada se poidan proclamar aos vencedores das 3 categorías nas que se divide o Campionato e que estarán reflectidas nos regulamentos de cada rally que o conforman.



e a folia de inscricións na páxina web do evento.

Para máis información será necesario contactar coa organización no teléfono 661 195 654 ou nas súas redes sociais. Haberá trofeos para os tres primeiros clasificados.

OUROL. O Club Clásicos Viveiro en colaboración co Concello de Oourol preparan para o vindeiro 18 de marzo o II Rally Concello de Oourol e realizarase nunha única xornada que terá a súa saída ás 16.30 horas.

Xa están abertas as inscricións, ata o 11 de marzo, e lembran que as prazas son limitadas, así mesmo, pódese consultar o regulamento

VEGADEO. Vegadeo acollerá a segunda proba do Campeonato de Asturias de Regularidad Histórica 2023, organizada polo Club Siero Clásicos en colaboración co Automovil Club Vegadeo.

Esta cita será o sábado 11 de marzo baixo o nome 4º Rallye Terras do Eo, de Clásicos Deportivos de regularidade para Vehículos Históricos.

COLABORACIÓNS

Canto dura un para sempre?

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

A costumamos a prepararmos moito para as primeiras veces, o debut co primeiro equipo, unha entrevista de traballo, o día que coñecemos á nosa familia política, pero ninguén nos prepara para as últimas, pode que por iso eu non saiba despedirme. E que complicadas se tornan en certas ocasións, sobre todo, cando non sabemos que son as derradeiras. Do mesmo xeito que di o meu amigo D. que se non ensinasen a perder, gañaríamos sempre. Non aplicable

ao equipo local, porque os verdes levan catro xornadas sen gañar, pero neste caso, si son catro xornadas perdendo, pola ausencia de ganas. As cousas como son, ata nos fan aos demais perder a ilusión e mesmo a fe nun equipo que apuntaba maneiras. Porque si, na derrota é onde se ven as boas persoas, e malia que nos pese, falta moito por aprender.

Pode que M. teña razón, e o noso erro como sociedade que evoluciona sexa a perda de seriedade. Hoxe, coma de costume, erguime cedo na miña teima por alongar o día que máis me custa de toda a semana, o domingo. Coido que un trauma apousou na miña alma, e recordo con especial tristeza cada tarde de domingo que tiña que marchar

para Santiago, conto que esa teima me vai a perseguir mesmo ata cando esté xubilada, se eso existe por aquel entón. Deus mediante, diría a avoa. Un día frío, e porén feo a partes iguais. Pero como habitualmente, fun ata a Residencia, porque malia que o meu párroco me diga que “vellería non ten cura”, acostumo a ir alí e sentirme en familia. Moitas veces non ten razón, pero outras tantas si, coma cando os nenos preferiron pasar a tarde na festa de entroido e non vir unha hora a catequese e véndome triste me consolou dicindo: Tranquila, tamén traicionaron a Nuestro Señor a cambio de 30 moedas. Todos temos faltas, e pode que unha de tantas miñas sexa esa.

Sentamos no bar de en fronte, e


noteino especialmente triste. Axiña comezaron as bágoas a esvarar por unha pel de noventa e moitos, que pasarían por setenta e poucos. Porque como dixen ao comezo, non nos preparan para os finais. Pasamos dúas horas falando, e entre mentras, ía contándome a súa historia de amor con G. Ao mesmo tempo que me falaba do moito que cambiou o concepto da duración. Agora un ata sempre dura como moito un anaco pequeniño. Estamos fartos de que nos falen de que fai anos, as cousas que merecían a pena e rompían se trataban de arranxar antes de tiralas, pero cústanos moito poñelo en práctica. Non só as cousas materiais, senón os afectos. Axiña tildamos de imperdoable aquilo que tan só nos

lastimou un pedaciño. E enchemos o orgullo antes que a razón.

Unha das preguntas do cuestionario Proust é: cal é o teu ben máis preciado? Non me cabe dúbida do que contestaría el. Cando coñeceu a G. axiña ela soubo o moito que ía significar aquel home para el. Hai palabras que quedan para sempre, e polo emotivo do momento cheguei ao partido do Viveiro chorando coma unha meniña pequena, porque endexamáis se me vai a esquecer o que poñía na parte de atrás daquela primeira foto que ela lle entregou: “Siempre tuya, hasta la muerte”. E así foi, porque aínda queda xente que cumpre o que di. Agardo non esquecelo nunca, porque é ben certo iso de que non morre aquilo que non se olvida.

Festivaleo

CULTURA



Rebeca Maseda

Veneza, Cannes, Berlín, San Sebastián. Catro cidades fascinantes. Catro cidades de cine. Estas localizacións privilexiadas son sede de cadanseu festival de cinema, e non dun calquera, non; todos eles forman parte da meca dos festivais internacionais vencellados á sétima arte. Nestes tempos de “listas para todo”, non teñades nin a menor dúbida de que estes catro eventos están presentes, e moi arriba, no “top 10” dos mellores festivais do mundo.

Glamour, talento, calidade, moda. Ideas que afloran na nosa cabeza cando pensamos nun evento deste tipo. A gran familia do cinema, directoras e directores, actrices e actores, produtoras e produtores, guionistas, persoal técnico, etc.; a familia invisible que transforma un festival nunha auténtica festa do cinema onde cada pequeno detalle forma parte dunha engrenaxe ben engraxada, organizadores, xornalistas especializados, provedores, etc. Nin me imaxino a cantidade de traballo – previo e posterior – que hai detrás dun evento de tal magnitude e..., que pracer e que fantasía poder deleitarnos co resultado final, sexa ao vivo ou incluso a través da pantalla.



“Mostra Internazionale d’Arte Cinematografica della Biennale di Venezia”. Primeira edición en 1932, o máis antigo dos catro. Venecia. Palazzo del Cinema. Leone d’Oro, Leone d’Argento e Copa Volpi. A Mostra pretende promover a difusión do cinema internacional en todas as súas formas de arte, entretemento e industria cun espírito de liberdade e diálogo, incluíndo ademais unha sección dedicada á posta en valor das operacións de restauración de películas clásicas, contribuíndo así a un mellor coñecemento da historia do cinema. A cidade dos canais e as góndolas, tomar un “espresso” na Piazza San Marco, cruzar o Rialto, escoitar a Vivaldi ou contemplar un Tiziano. Caderno de bitácora para calquera viaxeira ou viaxeiro en terras venecianas.

“Festival de Cannes”. Primeira edición en 1946. Cannes. Palais des

Festivals et des Congrès. Palme d’Or. O Festival sempre se mantivo fiel á súa vocación fundacional que é visibilizar e apoiar obras de calidade para fomentar a evolución do cinema, favorecer o desenvolvemento da propia industria e proxectar a sétima arte a nivel internacional.

Unha das xoias da Costa Azul, lucirse polo Boulevard de la Croisette, navegar ata a Île Sainte-Marguerite ou perderse polas súas rúas ategadas de tendas “très chic” e con aroma de lavanda.

“Berlinale”. Primeira edición en 1951. Berlín. Berlinale Palast. Goldener Bär (Oso de Ouro) e Silberner Bär (Oso de Prata). A Berlinale é un lugar único de exploración artística e entretemento. Estamos a falar dun dos festivais públicos de cinema máis grandes do mundo que atrae a decenas de miles de visitantes cada ano. Para a industria cinematográfica e os medios de comunicación, os once días de febreiro son tamén un dos eventos máis importantes do calendario anual e un foro comercial indispensable. A cidade dividida por un muro, facerse unha foto no Checkpoint Charlie, cruzar a Porta de Brandeburgo, perderse na Illa dos Museos ou comerse un kebab delicioso. A Berlín cosmopolita e “cultureta”.

“Donostiako Zinemaldia”. Primeira edición en 1953. Donostia – San Sebastián. Kursaal. Concha de Ouro e Concha de Prata. O Festival é o gran evento cultural da capital

guipuscoana e o motor da estreita relación da cidade co cinema. Grandes nomes do sector aparecen xa vencellados a Donostia que, por outra banda, sempre remata por namorar a calquera visitante: Federico Fellini, Audrey Hepburn, Alfred Hitchcock, Jean Luc Godard, Sophia Loren, Luís Buñuel, etc. As estrelas internacionais chegan a diario durante o festival e adoitan mesturarse con

donostiarras, turistas e foráneos, xerando unha gran expectación. A cidade con maior número de Estrelas Michelin por metro cadrado, pasear pola Concha, deleitarse coa panorámica dende o Monte Igueldo, salivar vendo a barra cheiña de “pintxos” nun restaurante da zona vella, tradición e modernidade fusionadas en total harmonía.

De como soñar mil vidas e contar mil historias.

O RECUNCHO DE CANELINA



DE RUTA EN RUTA

Viveiro: a mina da Silvarosa

Un pequeno paseo no que admirar un anaco do pasado industrial do municipio

Dende Covas pódese facer unha interesante ruta ata a mina da Silvarosa para descubrir o pasado férreo do municipio.

Así, dende a praia de Covas camiñárase ata os Castelos e cruzárase a pasarela de madeira do parque Pernas Peón. Neste momento poderase admirar un ciprés centenario na beirarrúa que data de 1920. Fronte a casa nº13 sae un sendeiro pequeno, si se vai na época de primavera ou verán haberá que ter ollo pois a herba pode estar alta e ocultará o camiño. Despois tan so haberá que seguir subindo ata chegar ao alto da Silvarosa

HISTORIA. A mina da Silvarosa (tamén coñecida como The Viveiro Iron Ore Co. Ltd.) foi unha antiga explotación mineira situada en Viveiro. Esta estaba dedicada á extracción de ferro, que funcionou desde finais do século XIX ata os anos 1960.

A extracción de ferro no municipio para uso industrial empezou a comezos do século XIX, coa construción do primeiro alto forno do Estado na parroquia cervense de Sargadelos, para a obtención de ferro coado.

Con todo, a actividade industrial de Sargadelos acabaría desaparecendo, e con iso, tamén a extracción de ferro de Viveiro.

A finais do século XIX, retomouse de novo o interese pola mina Silvarosa. E no ano 1889, Ricardo de Chairó Oleaga solicitou a inscrición no Rexistro Mineiro de varios filóns situados nos concellos de Viveiro, Vicedo e Oulol, aínda que nunca chegou a explotalos. Foi o empresario alemán Otto Kreizner, xunto ao enxeñeiro Joseph Massenez, quen se fixo cos dereitos de explotación mineira da Silvarosa e para extraer o mineral fundouse a sociedade alemá The Viveiro Iron Ore Co. Ltd., arrendataria da concesión de Kreizner e Masenez. Os traballos preparatorios da mina empezaron no ano 1893 baixo a dirección do enxeñeiro Frederic Staaden. Malia que non sería ata o 20 de decembro de 1899 cando o primeiro barco mercante partise do cargadeiro da Insua en Viveiro con rumbo a Alemaña.

Ao comezo, a extracción de mineral de ferro realizábase ao descuberto, seguindo a veta. No primeiro ano

de actividade, lograronse extraer un total de 104.197 toneladas, que se transportaron en 35 cargamentos. A partir de 1910 continuaron os labores, pero de maneira subterránea. Para poder transportar o mineral de ferro desde a mina ata os barcos mercantes, deseñouse un sistema teleférico, que tiña unha capacidade para transportar 250 toneladas de ferro á hora.

Co comezo da Primeira Guerra Mundial a actividade mineira quedou paralizada e foi adquirida polo empresario vasco Horacio Echevarrieta, que retomou a actividade no ano 1919. A súa actividade veríase de novo interrompida no ano 1932, debido á persecución política da Segunda República.

Xa no ano 1951, durante a ditadura franquista, retomouse a actividade por parte do Instituto Nacional de Industria (INI), que se fixo cos dereitos de explotación da mina. O INI mantivo activa a mina ata o ano 1966, cando se decidiu abandonar a actividade, debido a que o mineral de ferro que se extraía da Silvarosa tiña numerosas impurezas.



DATOS



3 horas



11 quilómetros



Dificultade moderada

HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



GRUPO FORMAT
formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:
www.grupoforma-t.com
TEL.: 982 513 605